



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL

Curso académico 2013-2014

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Universidade e diversidade funcional: unha
aproximación á igualdade de oportunidades e á
inclusión no eido universitario**

Jessica Garabal Barbeira

19 de Xuño do 2014

DIRECTORAS DO TRABALLO

María Vanessa García Crespo

Terapeuta Ocupacional. Profesora Asociada da Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

Sonia Seijas Ramos

Psicopedagoga. Técnico superior do Servizo de Atención á Diversidade da Universidade da Coruña.

Contido

1. Resumo / Resumen / Abstract.....	6
2. Introducción.....	9
2.1. Situación actual dos estudos universitarios	9
2.2. Da discapacidade á diversidade funcional.....	14
2.3. Contexto sociodemográfico da poboación universitaria con diversidade funcional	18
2.4. O deseño para todos fronte ás barreiras	20
2.5. Unha achega á lexislación	23
2.6. Servizos de atención á diversidade	26
2.7. Xustificación.....	27
3. Premisa da investigación.....	29
4. Obxectivos.....	30
4.1. Obxectivo xeral	30
4.2. Obxectivos específicos	30
5. Metodoloxía.....	31
5.1. Tipo de estudo	31
5.2. Mostraxe	31
5.3. O papel do investigador	34
5.4. Métodos	34
5.5. Técnicas de recollida de datos.....	35
5.5.1. A observación:.....	35
5.5.2. A entrevista (Apéndice I):	36
5.5.3. O grupo de enfoque:	36

5.6.	Análise da información.....	37
5.7.	Ámbito de estudo.....	37
5.8.	Entrada ao campo.....	38
5.9.	Aspectos éticos.....	38
5.10.	Rigor metodolóxico.....	39
6.	Resultados	41
6.1.	Resultados das entrevistas individuais	41
6.1.1.	Superación e aprendizaxe.....	41
6.1.2.	Frustración e cambio.....	43
6.1.3.	Rede social: apoio e impotencia.....	45
6.1.4.	Recursos	48
6.1.5.	Contorno e barreiras	50
6.1.6.	Coñecementos	53
6.1.7.	Ocio universitario.....	56
6.2.	Resultados do grupo de enfoque.....	57
6.2.1.	Información previa sobre as necesidades dos estudantes.....	57
6.2.2.	Propiciar o deseño universal	58
6.2.3.	Facilitar o acceso á comunicación.....	58
6.2.4.	Formación en temas relacionados coa discapacidade.....	59
6.2.5.	Ocio universitario para todos.....	59
6.3.	Mapa conceptual dos resultados	61
7.	Discusión.....	62
7.1.	Limitacións do estudo e posibles liñas futuras de investigación	70
8.	Conclusión.....	71

9. Bibliografía	73
10. Agradecementos	82
11. Apéndices.....	83
11.1. Apéndice I: entrevista	84
11.2. Apéndice II: folla de información aos participantes.....	85
11.3. Apéndice III: consentimento informado.....	89

1. Resumo / Resumen / Abstract

Obxectivos: Explorar as vivencias dos estudantes universitarios con diversidade funcional para coñecer as súas inquedanzas e necesidades e finalmente, bosquejar propostas de mellora a favor dunha comunidade universitaria inclusiva.

Metodoloxía: Estudo de tipo cualitativo baseado no deseño de investigación-acción. O ámbito de estudo foi unha universidade pertencente ó Sistema Universitario de Galicia. Os informantes do estudo foron estudantes universitarios con diversidade funcional e un informante clave. Para a recollida de información empregouse a observación, entrevistas individuais semiestructuradas e un grupo de enfoque.

Resultados: A información obtida foi analizada dende unha perspectiva indutiva, da que emerxeron nas entrevistas individuais as categorías: “superación e aprendizaxe”, “frustración e cambio”, “rede social: apoio e impotencia”, “recursos”, “contorno e barreiras”, “coñecementos” e “ocio universitario”; e no grupo de enfoque emerxeron as seguintes categorías identificadas como propostas de mellora: “información previa sobre as necesidades dos estudantes”, “propiciar o deseño universal”, “facilitar o acceso á comunicación”, “formación en temas relacionados coa discapacidade” e “ocio universitario para todos”.

Conclusións: A investigación amosa que é preciso intervir a favor dunha comunidade universitaria inclusiva logo de detectar que os participantes deste estudo se atopan de maneira cotiá con limitacións ou barreiras que dificultan un desenvolvemento axeitado no eido académico.

Palabras clave: universidade, discapacidade, inclusión, diversidade funcional, igualdade de oportunidades.

Objetivos: Explorar las vivencias de los estudiantes universitarios con diversidad funcional para conocer sus inquietudes y necesidades y finalmente, esbozar propuestas de mejora a favor de una comunidad universitaria inclusiva.

Metodología: Estudio de tipo cualitativo basado en el diseño de investigación-acción. El ámbito de estudio ha sido una universidad perteneciente al Sistema Universitario de Galicia. Los informantes del estudio han sido estudiantes universitarios con diversidad funcional y un informante clave. La recogida de información se ha realizado a través de la observación, entrevistas individuales semiestructuradas y un grupo de enfoque.

Resultados: La información obtenida ha sido analizada desde una perspectiva inductiva, de la que han emergido en las entrevistas individuales las categorías: “superación y aprendizaje”, “frustración y cambio”, “red social: apoyo e impotencia”, “recursos”, “entorno y barreras”, “conocimientos” y “ocio universitario”; en el grupo de enfoque emergieron las siguientes categorías identificadas como propuestas de mejora: “información previa sobre las necesidades de los estudiantes”, “propiciar el diseño universal”, “facilitar el acceso a la comunicación”, “formación en temas relacionados con la discapacidad” y “ocio universitario para todos”.

Conclusiones: La investigación muestra que es necesario intervenir a favor de una comunidad universitaria inclusiva después de detectar que los participantes de este estudio se enfrentan de manera cotidiana con limitaciones o barreras que dificultan un desarrollo adecuado en el ámbito académico.

Palabras clave: universidad, discapacidad, inclusión, diversidad funcional, igualdad de oportunidades.

Objectives: To explore the experiences of university students with functional diversity about their concerns and needs, and in the end outline improvement proposals in favor of an inclusive university community.

Methodology: A qualitative study based on the design of action-research. The research took place in an university belonging to the Galician University System. The informants were university students with functional diversity and a key informant. Information gathering is done through observation, semi-structured individual interviews and a focus group.

Results: The data obtained was analyzed from an inductive perspective of which have emerged in individual interviews categories: "improvement and learning", "frustration and change," "social network: support and impotence", "resources", "environment and barriers", "knowledge" and "university leisure"; in the focus group emerged the following categories identified as suggestions for improvement: "Prior information about the needs of students," "promote universal design", "ease access to communication", "training about disability issues" and "university leisure for all. "

Conclusions: The study shows that it is necessary to intervene on behalf of an inclusive university community upon detecting that the study participants face on daily basis constraints that obstruct the correct development in academic field.

Keywords: university, disability, inclusion, functional diversity, equal opportunity.

2. Introducción

2.1. Situación actual dos estudos universitarios

O Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional define a ocupación como as actividades coas que as persoas se comprometen na vida diaria para ocupar o tempo e darlle sentido á vida; estas actividades poden ser nomeadas no léxico dunha cultura e posúen un valor e significado outorgado polos individuos e a propia cultura. Os terapeutas ocupacionais están comprometidos non só coa ocupación senón tamén coa complexidade de factores que fortalecen e fan posible o compromiso do individuo e a participación¹ en ocupacións positivas que promoven a saúde. As áreas de ocupación son categorías nas que se organizan as actividades ou ocupacións, o marco de traballo para a práctica da Terapia Ocupacional identifica as seguintes: Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD), Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD), descanso e soño, educación, traballo, xogo, ocio e participación social (American Occupational Therapy Association, 2008).

Nesta investigación outórgaselle verdadeira importancia á área ocupacional da educación, baseando a súa pescuda nos estudos superiores ou universitarios, xa que non se corresponde unicamente coa realización de actividades para acadar a aprendizaxe, senón que tamén inclúe unha participación plena e satisfactoria en relación co ambiente ou contorno. A antedita participación co ambiente leva consigo o desenvolvemento da área ocupacional de participación social pola cal se empregan patróns de

¹ Participación: refírese ao compromiso co traballo co xogo ou coas actividades da vida diaria que forman parte dun contexto sociocultural e que son desexados para o benestar da persoa (Kielhofner & Forsyth, Model of Human Occupation: A review of current concepts, 1997)

comportamento organizados que son característicos e esperados dun individuo ou dunha posición determinada dentro dun sistema social (American Occupational Therapy Association, 2008).

Os estudos superiores ou estudos universitarios compoñen hoxe en día un dos chanzos máis elevados de coñecemento da nosa sociedade. Na actualidade preséntase un aumento considerable de alumnado no acceso á universidade, cada vez son máis os estudantes de todas as clases sociais os que se matriculan, cando antigamente se trataba dunha institución unicamente reservada para os máis poderosos. Esta nova etapa que favorece a igualdade proporciona diversidade ao contexto educativo, diversidade que implica poder nutrirse dos coñecementos e experiencias vividas de todos e cada un dos estudantes. Existen moitas iniciativas que promoven o acceso de todos os estudantes á universidade, independentemente da súa situación económica, garantindo un dos dereitos fundamentais dos cidadáns, o dereito á educación.

Cando nos referimos aos estudos universitarios podemos centrar a nosa atención tan só nos aspectos relacionados coa docencia, pero a comunidade universitaria conta con moitas máis implicacións sociais das que se poden idear. O eido universitario pode considerarse o lugar en que as persoas establecen lazos de unión, configuran a súa personalidade, participan socialmente, reflexionan sobre a súa identidade e intentan afianzar todos os aspectos da súa persoa segundo uns roles sociais aceptados. Non se trata dunha institución ou estrutura académica sen máis, tamén supón un período e lugar de formación, de encontro e de integración persoal e social; neste marco sociotemporal e de desenvolvemento sistémico, é onde a persoa é suxeito activo no seu contorno (Luque Parra, Rodríguez Infante, & Romero Pérez, 2005).

Pódese concluír entón que nesta etapa é cando se conforma e se modifica a personalidade individual xa que non é algo estable e atópase suxeita a cambios; a adolescencia e os anos posteriores a esta son unha etapa en que se aprenden habilidades interpersoais e emocionais específicas, xa que se produce un avance en aspectos como a cognición, a empatía, a autoconciencia ou os roles sociais, e as relacións interpersoais amplíanse e diversifícanse. Esta aprendizaxe pode mellorar a nosa visión de nós mesmos e por ende, a nosa autoestima.

Todos os cambios acontecidos no período universitario vense favorecidos ou limitados por unhas certas características do contorno, referíndose co termo contorno non só ao espazo do redor, senón a todos os suxeitos que conforman a vida cotiá e que, de forma directa ou indirecta, repercuten na personalidade, na forma en que se entende o mundo e en como se interactúa con este. O contorno refírese ao ambiente físico e social que rodea a persoa no cal teñen lugar as ocupacións da vida diaria; o contorno físico correspóndese co ambiente natural ou construído polo home e aos obxectos dentro dese ambiente. O ambiente social componse da presenza de relacións e expectativas das persoas, grupos ou organizacións (American Occupational Therapy Association, 2008).

Os estudantes poden atopar ao longo da súa traxectoria académica algún tipo de barreira ou dificultade tanto no acceso á documentación e ao material audiovisual como na relación docente-alumno; estas situacións poden levar até o fracaso académico nun caso extremo, pero noutros moitos casos orixinan no estudante unha situación de frustración ao non poder levar a cabo o seu labor universitario de maneira axeitada, normalizada e satisfactoria.

Mostrando a realidade universitaria actual, para o curso 2013-2014 o

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte presentou en cifras a situación do Sistema Universitario Español (SUE) en que conta cun total de 82 universidades, distribuídas en 236 campus presenciais e 112 sedes non presenciais e especiais, que ofrecen aos estudantes españois e internacionais unha ampla oferta de formación universitaria a través dos seus programas de grao, mestrado e doutoramento (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, 2013).

Con respecto á Comunidade Autónoma de Galicia, o Sistema Universitario de Galicia (SUG) está integrado por tres universidades: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, estruturadas en sete campus universitarios que se corresponden coas sete principais cidades de Galicia, representadas na *Figura 1*:



Figura 1: Distribución do SUG

(Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2010)

- **Universidade da Coruña:** campus da Coruña e campus de Ferrol.
- **Universidade de Santiago de Compostela:** campus de Santiago de Compostela e campus de Lugo.

- **Universidade de Vigo:** campus de Vigo, campus de Ourense e campus de Pontevedra.

(Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2010)

Na *Táboa I* amósase a realidade actual dos estudos universitarios a través dalgúns datos de tipo estatístico en relación ao SUE e ao SUG durante o curso 2012-2013:

Táboa I: Distribución dos estudantes universitarios no curso 2012-2013

(Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, 2013)

	Taxa neta de escolarización en educación universitaria	Total matrícula	Grao	1º y 2º ciclo	Mestrado
España	28,6%	1.561.123	1.046.570	403.466	111.087
Universidades presenciais	-	1.323.251	870.326	360.197	92.728
Galicia	25,8%	66.594	40.929	20.740	4.925
Universidades non presenciais	-	236.691	176.244	43.269	17.178
(UNED)	-	179.741	142.762	29.881	7.098

2.2. Da discapacidade á diversidade funcional

Para comprender o significado da discapacidade na actualidade é preciso explicar como evolucionou este concepto ao longo dos anos.

Historicamente a discapacidade comprendíase por medio de termos mitolóxicos ou relixiosos e tamén se cría que a discapacidade era un castigo por realizar malas accións. Cos progresos no ámbito da ciencia e da medicina xurdiu unha concepción da discapacidade fundamentada na bioloxía e na medicina para proseguir no ano 1960 co movemento social das persoas con discapacidade; baixo o lema “Nada acerca de nós, sen nós” as persoas con discapacidade concentráronse para lograr unha participación plena e a equiparación de oportunidades mediante o desenvolvemento da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (Organización Mundial da Saúde, 2012).

No ano 1988 a Organización Mundial da Saúde (OMS) presentou a Clasificación Internacional de Deficiencias, Discapacidades e Minusvalías (CIDDM) coa finalidade de unificar os criterios para definir o concepto de discapacidade a nivel mundial. A OMS estableceu tres niveis de recoñecemento do problema cos termos deficiencia, discapacidade e minusvalía (Aparicio Agreda, 2009). No ano 2001 levouse a cabo unha revisión para ampliar o concepto de discapacidade; segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde (CIF) por discapacidade enténdese a circunstancia de aspectos negativos da interacción do individuo e os seus factores contextuais, limitacións da actividade e restricións da participación. En consecuencia, a discapacidade aceptouse como un estado ou situación en que se ten menor grao de habilidade ou execución no desenvolvemento de capacidades debido a unha interacción de factores individuais e de contexto (Organización Mundial da

Saúde, 2001). O seu contido supuxo un gran avance na superación da visión residual en que se atribuíu á persoa a maior parte das causas da discapacidade para incluír a relación co seu contorno físico e social como desencadeante básico da discapacidade (Aparicio Agreda, 2009).

No ano 2006 a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade afirma que a discapacidade é un concepto en evolución e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras actitudinais e ambientais que obstaculizan a súa participación de maneira plena e efectiva na sociedade sobre unha base de igualdade con todos (Organización das Nacións Unidas, 2006).

O vocábulo diversidade funcional que se emprega nesta investigación é o termo idóneo para representar que as persoas posúen diferentes formas de funcionar, non mellores nin peores, simplemente diferentes, posto que cada individuo leva a cabo as actividades cotiás dunha maneira determinada e característica, influenciada polas súas crenzas, costumes, roles e rutinas. A diversidade funcional pode manifestarse en características propias dos suxeitos e naquelas características dos individuos que son froito do contexto, deprivado ou non, onde se sitúan (Bausela Herreras, 2002).

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define o concepto de diversidade como un concepto complexo que se refire á pluralidade en que a humanidade se presenta como etnia, cultura, posición socioeconómica, casta, sexo, clase, identidade sexual, idade e crenzas relixiosas. A diversidade proporciona pluralidade e variedade ás sociedades e comunidades, á vez que achega riqueza cultural posto que cada un dos cidadáns é diferente e posúe características propias que o define e identifica no marco da sociedade. A visión da diversidade baséase en comprender e aceptar a diversidade como algo que enriquece tanto de maneira individual

como colectiva (World Federation of Occupational Therapists, 2009).

A Terapia Ocupacional ten unha longa tradición en canto ao recoñecemento de que cada persoa é única na forma de combinar a interacción dinámica entre cultura, elementos sociais, psicolóxicos, biolóxicos, económicos, políticos e espirituais no seu rendemento no traballo persoal e na participación na sociedade; pero ao mesmo tempo o grupo social ao que pertence afecta considerablemente á persoa no seu funcionamento ocupacional (World Federation of Occupational Therapists, 2009). Dende esta disciplina valórase a persoa en relación co seu contorno e enmarcada nunha cultura que configura os roles, rutinas ou crenzas que desempeña; para entender esta interacción entre o individuo e o seu contorno é preciso identificar as ocupacións que posúen significado para a persoa e lle aportan satisfacción e benestar coa súa realización.

Para a cidadanía posúe un gran valor ser comprendida e valorada polas persoas que integran o seu contorno, posto que cada individuo desenvolve unha imaxe positiva sobre si mesmo ao pertencer a un grupo determinado e ser aceptado (World Federation of Occupational Therapists, 2009). Por este motivo moitas veces actúa de acordo cunha norma socialmente aceptada dado que se procede doutro xeito pode xurdir o rexeitamento. É importante discernir que cada persoa é única na forma de conxugar a interacción dinámica entre a cultura, os elementos sociais, psicolóxicos, biolóxicos, económicos, políticos e espirituais no seu rendemento no traballo persoal e na participación na sociedade; e que ao mesmo tempo o grupo social ao que pertenza repercute no seu funcionamento ocupacional (Kronenberg, Simó, & Pollard, 2005).

A perspectiva da diversidade como condición intrínseca á humanidade e que forma parte desta diferenza entre as persoas e os seus funcionamentos,

habilidades e formas de acceso aos bens, servizos e contornos supón pensar nunha concepción en positivo, centrada nas habilidades e capacidades, que avalía os factores de logro e as restricións (Martinez Usero, 2008). Cando se pensa desde a perspectiva da diversidade funcional en relación co contorno o que se valora son os facilitadores ou barreiras; estas últimas poden supoñer unha dificultade engadida á hora de desenvolverse adecuadamente no seu día a día. Outórgaselles prioridade ás capacidades da persoa enmarcadas nun contexto propio e non ás limitacións da actividade nin ás restricións na participación.

A diversidade funcional é un concepto intrínseco á diversidade humana co que se trata de enxalzar que a vida de todas as persoas debe ter o mesmo valor e que todas posúen os mesmos dereitos e oportunidades, o único que nos diferencia é a nosa maneira de funcionar, de levar a cabo as actividades que compoñen o noso quefacer diario.

En canto á realidade das persoas con diversidade funcional no noso país atopámonos con datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) que datan do ano 2008. Estes datos indican a existencia de 3,85 millóns de persoas con algún tipo de discapacidade en España. Se nos centramos nas discapacidades que afectan á realización das ABVD atopámonos con que existen 2,8 millóns de persoas, o que supón un 6,7% da poboación, que no seu día a día se encontra con dificultades para un correcto desenvolvemento na súa vida diaria. Se pensamos na Comunidade Autónoma de Galicia, trátase da comunidade autónoma coa maior taxa de discapacidade, 112,9 por mil habitantes, seguida de Estremadura (Instituto Nacional de Estatística, 2009).

Esta realidade aproxímanos a unha situación de desvantaxe que pode estar vivindo unha porcentaxe elevada da poboación que ve limitada a súa

participación en igualdade de oportunidades nas diferentes áreas ocupacionais.

2.3. Contexto sociodemográfico da poboación universitaria con diversidade funcional

A poboación universitaria con discapacidade representa un grupo minoritario neste ámbito, proba disto é que só un 5,26% da poboación con discapacidade posúe estudos superiores rematados (Instituto Nacional de Estadística, 2008). Na actualidade atopámonos con que os estudantes con diversidade funcional nas universidades de España representan un 13,16% da totalidade de persoas con discapacidade (Instituto Nacional de Estadística, 2008); pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia conta coa totalidade de 413 estudantes con diversidade funcional: 152 na Universidade da Coruña, 254 na Universidade de Santiago de Compostela e 7 na Universidade de Vigo (Fundación Universia, 2014). As persoas con diversidade funcional acceden en menor medida aos estudos universitarios e escollen principalmente os estudos a distancia a través da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) (Peralta Morales, 2007), que conta con 8.876 alumnos con diversidade funcional matriculados durante o curso 2013-2014 (Universidade Nacional de Educación a Distancia, 2014).

Estes datos deixan entrever a existencia de dificultades na realización dos estudos universitarios por parte deste colectivo, por este motivo se identifica a necesidade de levar a cabo esta investigación. Pódese intuír a existencia dalgún tipo de barreira ou obstáculo que dificulta o desempeño satisfactorio de ocupacións nas universidades presenciais (ocupacións relacionadas coa educación e coa participación social), posto que unha grande cantidade de estudantes decide realizar estudos en universidades non presenciais o que indica que a relación co ambiente pode ser un factor relevante nesta

situación.

Desde a igualdade e a equidade como valores de axuste social e nun desenvolvemento educativo e formativo da persoa, o alumnado con discapacidade sitúase nunha circunstancia particular de necesidades especiais porque precisa de recursos ou modificacións no currículo. Estas necesidades son especiais non por un trastorno ou distintividade, senón pola atención ás dificultades e aos recursos que se precisan; deixarían de selo se a docencia, os recursos e o axuste curricular tivesen un carácter ordinario nos centros, o que remite a factores de contexto (accesibles ou compensadores) que anularían ou reducirían a discapacidade ou as limitacións da persoa co seu medio (Luque Parra & Rodríguez Infante, 2008).

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais do alumnado e na súa preparación para convivir e participar de forma autónoma (Diario Oficial de Galicia, 2011). Nun ámbito exclusivamente educativo a discapacidade valórase e trátase centrándose na adecuación ás necesidades e características da persoa, valorándose os seus aspectos, co fin de proporcionar os servizos e apoios necesarios (Luque Parra, Rodríguez Infante, & Romero Pérez, 2005).

Os alumnos con necesidades especiais poden acceder e desenvolver os seus estudos na universidade debendo considerar as adaptacións que se estimen pertinentes, xa que institucionalmente hai que dispoñer dos aspectos relativos á ordenación, planificación e organización dos recursos e atencións con que os alumnos (con necesidades temporais ou permanentes) poidan acadar os obxectivos establecidos de carácter xeral para todo o alumnado (Luque Parra & Rodríguez Infante, 2008).

As institucións educativas e a mesma sociedade, deben ser conscientes de que o proceso de construción persoal depende das características individuais da súa diversidade, pero sobre todo dos apoios e das axudas que se proporcionen. Obviar a diversidade sería tanto como enxalzar a singularidade humana e desprezar a súa riqueza (Bausela Herreras, 2002). A diversidade pois, é unha realidade social, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, de cada familia e de cada unha das profesoras e profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto (Diario Oficial de Galicia, 2011).

2.4. O deseño para todos fronte ás barreiras

Os contextos e contornos afectan á accesibilidade da persoa á ocupación e inflúen na calidade e satisfacción do desempeño ocupacional². Un individuo que teña dificultade no desempeño efectivo nun contorno ou contexto pode ter éxito cando se modifique o contorno ou contexto. O compromiso da persoa nas ocupacións desenvólvese dentro dun contorno social e físico e reflicte a súa interdependencia con estes contornos. O contexto cultural a miúdo inflúe en como se elixen e priorizan as ocupacións (American Occupational Therapy Association, 2008).

Os fundamentos teóricos da Terapia Ocupacional destacan a visión da

² Desempeño ocupacional: resultado da relación dinámica entre persoas, contorno e ocupación, calquera cambio en calquera parte da interacción entre suxeito, contorno e ocupación afecta ás outras partes e en consecuencia, ó desempeño. (Kielhofner, Fundamentos Conceptuales de la Terapia Ocupacional, 2006)

persoa como un ser ocupacional, a asociación entre o compromiso coa ocupación e a saúde, así como a existencia dunha interacción bidireccional entre a persoa e o contorno. Acadar a independencia e a autonomía no desempeño diario é o obxectivo básico desta disciplina xa que o contorno é un dos determinantes da disfunción ocupacional que inflúe na execución das tarefas cotiás, razón que xustifica a inclusión da intervención sobre os factores ambientais dentro do dominio da práctica clínica e comunitaria da Terapia Ocupacional (De Rosende Celeiro & Santos del Riego, 2013).

Existe unha grande variedade de dificultades para os estudantes con discapacidade, entre as cales podemos indicar algunhas como os medios de transporte, a forma de acceso ás distintas dependencias dos centros ou a accesibilidade á información, entre outras, polo que precisarán deseños diferentes, adaptacións ou produtos de apoio. Dentro do que se denomina contorno pódense distinguir varios tipos de barreiras: arquitectónicas, da comunicación, actitudinais, sociais ou culturais, estas últimas influenciadas por crenzas, tradicións, patróns de actividades, estándares de condutas e expectativas aceptadas pola sociedade (Mercado Padín, 2010).

Outórgaselle verdadeira importancia á accesibilidade do contorno físico, social, económico e cultural pero tamén á saúde, á educación, á información e ás comunicacións para que se garantan os dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Co fin de vivir de maneira independente, acadar autonomía e participar activamente en todos os aspectos da vida, débese tentar que se leven a cabo as medidas pertinentes para garantir o acceso en igualdade de condicións ao contorno físico, ao transporte, á información e ás comunicacións, incluídos os sistemas e tecnoloxías da información e as comunicacións, e a outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público (United Nations Human Rights, 2010).

Débense valorar as oportunidades de acceso ao contorno físico e á información e a comunicación garantindo que sexa accesible, suprimindo obstáculos á participación e creando estratexias para que os servizos de información e documentación sexan accesibles para os diferentes grupos de persoas con discapacidade. Aínda que unha maioría de instalacións universitarias se consideran teoricamente accesibles tan só a terceira parte dispón dos recursos de accesibilidade axeitados para atender aos estudantes con discapacidade. Cabe engadir que se asistiu a un crecemento sostido do número de estudantes con discapacidade que acceden aos estudos universitarios, sobre todo a partir da posta en marcha de servizos e programas específicos de atención e a un importante aumento das disposicións legais, normativas e regulamentos que perseguen a plena integración (Peralta Morales, 2007).

A accesibilidade universal é unha condición intrínseca a calquera proxecto de integración. Este amplo concepto inclúe os contornos físicos construídos, o transporte, o acceso aos contornos virtuais ou tecnolóxicos, a comunicación, o acceso á información e outros aspectos de normalización que non sempre se teñen en conta. Entre estes aspectos, é preciso destacar a dificultade de acceso ao amplo abano de actividades de extensión universitaria, como o deporte adaptado aos diferentes servizos complementarios, xa sexan comedores universitarios, residencias ou espazos de ocio. A accesibilidade universal, por tanto, é un concepto integral que comprende os diferentes ámbitos da vida universitaria (Peralta Morales, 2007).

Comezouse a empregar o termo “deseño para todos” que supón asumir que a dimensión humana non pode definirse mediante unhas capacidades, medidas ou estándares, senón que se debe considerar dunha maneira máis global en que a diversidade sexa a norma e non a excepción. Este novo concepto de accesibilidade non beneficia soamente un determinado colectivo

social senón o conxunto da cidadanía. A pesar dos avances observados na accesibilidade e da implantación gradual do deseño para todos nas universidades, aínda persisten obstáculos que dificultan a plena inclusión. Un denominador común destas iniciativas ao longo destes anos foi a implicación conxunta de individuos, institucións e sector social das persoas con discapacidade no impulso das medidas a favor da accesibilidade, a non discriminación e a eliminación de barreiras no ámbito universitario (Peralta Morales, 2007).

Hoxe por hoxe non parece estar suficientemente asumido que o deseño para todos nas universidades sexa necesario para uns e útil para todos; á vez que o investimento en accesibilidade universal é investimento en calidade educativa para o conxunto da comunidade universitaria (Peralta Morales, 2007).

O modelo social de discapacidade afástase dunha interpretación individual baseada na deficiencia e enfócase na eliminación das barreiras na sociedade para asegurar que as persoas con discapacidade reciban a mesma oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade con todas as demais persoas. A educación inclusiva enfócase a cambiar o sistema para adaptarse ao estudante, en vez de cambiar o estudante para se adaptar ao sistema; é por tanto un proceso de tratar de responder á diversidade de necesidades dos educandos aumentando a súa participación na aprendizaxe, as culturas e comunidades, e reducindo a exclusión dentro e desde a educación (V. Ferreira, 2008).

2.5. Unha achega á lexislación

Realizando unha análise da lexislación a favor da inclusión debemos comezar pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos que data do ano

1948, en que se proclama que “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos” (Organización das Nacións Unidas, 1948); engádese que “toda persoa ten dereito á educación, esta debe ser gratuíta e terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais” (Organización das Nacións Unidas, 1948).

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos comezou un camiño que logo continuaron as Normas Uniformes sobre a Igualdade de Oportunidades para as Persoas con Discapacidade; estas normas creáronse no ano 1993 coa finalidade de garantir que nenas e nenos, mulleres e homes con discapacidade, na súa calidade de cidadáns das súas respectivas sociedades, poidan ter os mesmos dereitos e obrigas que os demais; posto que en todas as sociedades do mundo existen aínda obstáculos que impiden que as persoas con discapacidade exerzan os seus dereitos e liberdades e dificultan a súa plena participación nas actividades das súas respectivas sociedades (Organización das Nacións Unidas, 1993).

No ano 2006 a Organización das Nacións Unidas (ONU), a través da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, proclama e recoñece a discapacidade como un concepto que evoluciona e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e o contorno que evitan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións que os demais. No antedito documento recoñécese a grande importancia que lle outorgan as persoas con diversidade funcional á súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións. Os principios en que se basea esta Convención son a non discriminación, a participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade, a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade, a igualdade de oportunidades e a accesibilidade (Organización das Nacións

Unidas, 2006).

Con respecto á lexislación nacional a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación , ten a finalidade de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e establece que as administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio e proporcionarán os recursos e apoios precisos. Detéctase a necesidade de que o sistema educativo, para garantir que se acade o máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado, se ha de basear nos principios de calidade, equidade, inclusión educativa, non discriminación e flexibilidade. A educación inclusiva ten como propósito ofrecer unha atención educativa que favoreza o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado e a cohesión de toda a comunidade (Goberno de España, 2006).

No correspondente a Galicia o Decreto 223/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, supón un pilar fundamental para a atención á diversidade no ámbito educativo a favor da inclusión e da igualdade de oportunidades (Diario Oficial de Galicia, 2011).

A achega lexislativa ás necesidades educativas especiais na universidade fíxose dunha forma xeral e recollida nunha normativa mínima, na súa maior parte para os efectos de matriculación e acceso; non se profundou nun desenvolvemento psicopedagóxico, académico e formativo de maior amplitude que faga operativa a educación do alumnado con discapacidade (Luque Parra & Rodríguez Infante, 2008). Débese evitar que na atención ao alumnado con diversidade se consideren como simples declaracións senón que se convertan en propostas de atención do sistema, sen concepción de distintividade ou excepcionalidade, nun marco de igualdade real.

2.6. Servizos de atención á diversidade

Aínda que as persoas con diversidade funcional acceden en menor medida aos estudos universitarios débese ter conciencia da realidade que ocupa posto que presentan certas necesidades que precisan dunha serie de respostas específicas. A universidade ten para con eles uns deberes ou obrigas, entre elas tentar eliminar as posibles barreiras con que se pode atopar o estudante no seu día a día ou proporcionarlle recursos que faciliten o desenvolvemento académico para que este se leve a cabo en igualdade de oportunidades co resto dos seus compañeiros.

Con esta función créanse os Servizos de Atención á Diversidade, que dispoñen dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que os estudantes que requiran atención educativa diferente á ordinaria poidan conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos as alumnas e alumnos (Diario Oficial de Galicia, 2011). O obxectivo que perseguen é adecuar a resposta educativa ás diferentes características de aprendizaxe, gustos e intereses do alumnado, medidas que precisan da colaboración de toda a comunidade educativa para acadar un elevado grao de eficacia. Con todo isto fomentarase que todos os estudantes poidan conseguir o máximo desenvolvemento persoal e social enmarcados neste ámbito, garantindo a igualdade de oportunidades (Diario Oficial de Galicia, 2011).

A Xunta de Galicia desde o Servizo de Atención á Diversidade promove a achega de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o

alumnado (Xunta de Galicia, 2014).

2.7. Xustificación

Toda persoa posúe a necesidade de comprometerse coa ocupación que seleccione para medrar a través do que fai e experimentar independencia, equidade, participación, seguridade, saúde e benestar (Wilcock & Townsend, 2008). A Terapia Ocupacional tenta contribuír á promoción da saúde e á participación das persoas, organizacións e poboacións para fomentar o compromiso coa ocupación (American Occupational Therapy Association, 2008).

Estase a falar de ocupación, nas áreas de educación e de participación social, e tamén da existencia de posibles restricións na participación dos estudantes universitarios con diversidade funcional. As restricións no ámbito académico non impiden unicamente o acceso ós coñecementos, senón que dificultan tamén as relacións interpersoais que os estudantes manteñen coas persoas que compoñen a institución universitaria; este feito dificulta a inclusión e a igualdade de oportunidades neste eido. Desde a perspectiva da Terapia Ocupacional trátase de favorecer a plena participación en todas as áreas ocupacionais, neste caso, a educación e a participación social, co fin de acadar un desempeño ocupacional satisfactorio que proporcione benestar e calidade de vida.

Conta cunha grande importancia o feito de poder decidir as ocupacións que se desexan desempeñar posto que o significado que posúe unha ocupación para o individuo que a desenvolve repercute no grao de implicación co que a levará a cabo. A tarefa de decidir realmente as ocupacións que se desexan desempeñar faise máis complexa coa existencia de barreiras no acceso a determinadas ocupacións, feito que fai que nalgúns casos se decida non

participar nas mesmas.

Unha educación de calidade pasa pola adecuación ás necesidades de cada persoa e da súa diversidade. É preciso valorar, desde a perspectiva dos propios estudantes como é o seu desempeño na área ocupacional educativa identificando aquelas barreiras ou facilitadores cos que se poden atopar e que posibilitan ou dificultan a plena inclusión e a igualdade de oportunidades en todos os niveis da comunidade universitaria.

A educación correspóndese cunha das áreas ocupacionais máis importantes na franxa de idade que posúen os participantes deste estudo, posto que non só lles achega coñecementos, senón oportunidades, estratexias de subsistencia e experiencias coas que poder guiar o seu futuro e as súas intervencións neste. Atopar barreiras ou limitacións no desenvolvemento dos seus estudos universitarios pode chegar a comprometer o seu futuro, e con el todas as ocupacións que levarían a cabo neste.

Por tanto, pódese concluír que a realización deste traballo de investigación achega unha nova visión cara á igualdade de oportunidades no ámbito universitario tratando de promover un desempeño ocupacional satisfactorio e inclusivo. En todo isto radica a relevancia social desta investigación posto que todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade que proporcione benestar ao seu desempeño ocupacional.

3. Premisa da investigación

- A premisa desta investigación aborda a necesidade de determinar se o contorno proporciona un ambiente favorecedor para o desempeño ocupacional autónomo ou se pola contra, é obstaculizante e impide o desempeño autónomo do individuo.

4. Obxectivos

4.1. Obxectivo xeral

- Explorar as vivencias dos estudantes con diversidade funcional no eido universitario, desde a súa propia experiencia persoal.

4.2. Obxectivos específicos

- Aproximarse á opinión dos estudantes sobre a igualdade de oportunidades no desenvolvemento das actividades universitarias.
- Coñecer as inquedanzas e necesidades que observan os propios estudantes con diversidade funcional con respecto á súa comunidade universitaria.
- Establecer propostas de mellora a favor dunha comunidade universitaria inclusiva, partindo das necesidades detectadas polos propios participantes.

5. Metodoloxía

5.1. Tipo de estudo

Para levar a cabo este traballo de investigación empregouse un estudo de tipo cualitativo posto que é o tipo de estudo idóneo para explorar os fenómenos no seu propio contexto natural, tentando atopar o sentido ou a interpretación deles a partir dos significados que as persoas lles conceden. Máis concretamente baséase no deseño investigación-acción co que se pretende propiciar o cambio social, transformar a realidade e que as persoas tomen conciencia do seu papel nese proceso de transformación posto que os protagonistas dunha situación de desvantaxe son os máis adecuados para tratalo nun contorno naturalista. Empregouse a investigación-acción participativa co fin de estudar temas sociais que oprimen as vidas das persoas dun grupo ou comunidade, e porque nela resalta a colaboración equitativa de todo o grupo ou comunidade; enfócase en buscar o cambio para mellorar o nivel de vida e desenvolvemento humano dos individuos, co fin de emancipar os participantes e o investigador (Fernández Collado, Hernández Sampieri, & Baptista Lucio, 2010).

Este estudo pretende coñecer as opinións subxectivas dos participantes, para determinar que sentimentos e necesidades perciben con respecto á comunidade universitaria e así concluír en que puntos é necesario promover o cambio social. O obxectivo é bosquejar propostas de mellora que se poidan implementar en intervencións futuras.

5.2. Mostraxe

Este investigación emprega unha mostraxe de tipo teórico, coa cal se

seleccionan os participantes seguindo criterios para asegurar a máxima similitude entre os contextos e os diversos participantes, para posuír a maior diversidade de discursos posible.

Con este tipo de mostraxe preténdese acadar o concepto de representatividade, pero non a través da cantidade ou da extensión de certas características poboacionais, senón a través das vivencias e os sentidos asociados a certas instancias micro sociais (Serbia, 2007).

Todos os participantes deste estudo posúen unhas características comúns vinculadas co tema que se investiga; por tanto, os suxeitos que non cumpren as devanditas características excluíronse da investigación para evitar a aparición de desviacións.

A *Táboa II* recolle os criterios de inclusión e exclusión para a presente investigación.

Táboa II: Criterios de inclusión e exclusión

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Estar a cursar estudos universitarios actualmente.	Ser menor de idade (menor de 18 anos).
Ter diversidade funcional acreditada baixo un certificado de discapacidade.	Non asinar o consentimento informado deste estudo.

A continuación expóñense as características da mostra pertencente a este traballo de investigación:

A *Táboa III* recolle os participantes nas entrevistas individuais.

Táboa III: Mostra das entrevistas individuais

	PARTICIPANTE	SEXO	IDADE	RAMA DE COÑECEMENTO
Entrevistas individuais	P1	Muller	23	Artes e humanidades
	P2	Muller	31	Ciencias da saúde
	P3	Home	21	Ciencias sociais e xurídicas
	P4	Home	22	Enxeñaría e arquitectura
	P5	Home	31	Enxeñaría e arquitectura
	P6	Muller	20	Enxeñaría e arquitectura
	P7	Muller	28	Enxeñaría e arquitectura
	P8	Home	20	Ciencias sociais e xurídicas

A *Táboa IV* recolle as características do informante clave:

Táboa IV: Características do informante clave

Entrevista individual	Informante clave: técnico/a que oferta servizos aos estudantes con diversidade funcional pertencentes á mostra desta investigación.
------------------------------	---

A Táboa V recolle a mostra pertencente ó grupo de enfoque:

Táboa V: Mostra do grupo de enfoque

	PARTICIPANTE	SEXO	IDADE	RAMA DE COÑECEMENTO
Grupo de enfoque	E1	Muller	31	Ciencias da saúde
	E2	Home	22	Enxeñaría e arquitectura
	E3	Muller	20	Enxeñaría e arquitectura
	E4	Muller	28	Enxeñaría e arquitectura

5.3. O papel do investigador

O investigador empregou unha postura reflexiva e procurando minimizar a influencia que sobre os participantes e o ambiente puidesen exercer as súas crenzas, fundamentos ou experiencias de vida asociadas co problema do estudo (Fernández Collado, Hernández Sampieri, & Baptista Lucio, 2010). O investigador ante todo evitou a indución de respostas e comportamentos dos participantes, posto que isto podería introducir desviacións na recollida de datos.

5.4. Métodos

O método empregado é o descritivo exploratorio, co obxectivo de documentar e investigar o fenómeno do estudo; do discurso dos participantes emerxen diversas categorías sobre as súas vivencias como estudantes universitarios. A partir destas categorías créanse hipóteses co fin último de atopar relacións existentes entre elas.

5.5. Técnicas de recollida de datos

Como primeiro paso á hora de recoller os datos realizouse unha busca bibliográfica. A procura levouse a cabo nas seguintes bases de datos: Scopus, Dialnet, CSIC, Medline, Pubmed, revistas electrónicas como REDU (Revista de Docencia Universitaria), Revista de Educación, Revista TOG, American Journal of Occupational Therapy, entre outras; á vez que se revisou o catálogo da Biblioteca da UDC.

Para realizar a busca bibliográfica empregáronse os descritores: universidad (“university”), discapacidade (“disability”), inclusión (“inclusion, “incorporation”), diversidade funcional (“functional diversity”) , igualdade de oportunidades (“equal opportunities”), comunidade universitaria (“university community”) e empregouse o operador booleano “AND”. Establecéronse límites referentes ao idioma (sendo os empregados o inglés e o castelán) a texto completo e tamén ao ano de publicación, que foi de 10 anos.

Para a recollida de información empregáronse técnicas observacionais e conversacionais; levouse a cabo a triangulación de métodos de recollida de datos empregando para iso entrevistas individuais (a cada un dos participantes do estudo e a un informante clave) e un grupo de enfoque.

5.5.1. A observación:

Empregouse co fin de comprender procesos, vinculacións entre persoas e as súas situacións ou circunstancias, os eventos que suceden a través do tempo, os patróns que se desenvolven, así como os contextos sociais e culturais en que ocorren as experiencias humanas (Fernández Collado,

Hernández Sampieri, & Baptista Lucio, 2010). Neste estudo o investigador empregou unha observación activa, coa que tentou afondar nas situacións sociais mentres que reflexionaba de forma permanente, estando atento a sucesos, eventos e interaccións.

5.5.2. A entrevista (Apéndice I):

Está orientada a obter información de forma oral e personalizada sobre acontecementos vividos e aspectos subxectivos. A natureza das preguntas que compoñen a entrevista é indagatoria e de tipoloxía semi-estruturada, empregando preguntas de opinión e de expresión de sentimentos. A través da triangulación de informantes puidéronse validar os datos obtidos dos participantes e do informante clave; aplicándolle a mesma entrevista a todos eles en que cada un achegou a súa visión. O informante clave foi a persoa encargada de proporcionar datos relevantes cos que apoiar a información obtida dos participantes. A importancia da participación do informante clave recae en que se atopa en contacto directo cos participantes no contexto que se investiga ao ofrecer servizos de atención á diversidade nunha universidade galega.

5.5.3. O grupo de enfoque:

Levouse a cabo co obxectivo de expoñer os resultados obtidos na análise de datos a partir das entrevistas iniciais, levalos a discusión e propoñer medidas que se poderían levar a cabo para resolver as necesidades detectadas. Máis aló de facer a mesma pregunta a varios dos participantes, a utilidade dun grupo deste tipo foi xerar e analizar a interacción entre eles e como se construíron significados grupalmente (Fernández Collado, Hernández Sampieri, & Baptista Lucio, 2010). Levouse a cabo unha única sesión en profundidade en que se contou coa colaboración de catro dos participantes.

5.6. Análise da información

A fase analítica reduce e interpreta a información obtida na entrada ao campo. Por tanto, xéranse as hipóteses con que se tratan de validar uns resultados para realizar unha síntese, discusión e acadar unhas certas conclusións.

A información obtida a partir das entrevistas transcribiuse e ordenouse a través das gravacións realizadas e das respectivas notas de campo. A continuación a información codificouse de forma indutiva (logo de realizar o traballo de campo), agrupada por categorías que concentran ideas, conceptos ou temas similares descubertos polo investigador (Rubin & Rubin, 1995). As categorías emerxeron indutivamente a partir dos propios datos, para logo relacionalas na fase de codificación entre si e cos fundamentos teóricos da propia investigación, buscando vínculos entre eles e dándolle sentido a cada un deles; nesta tarefa levouse a cabo a triangulación de investigadoras, contando coa colaboración dunha das directoras deste traballo de investigación.

Unha vez que os datos se analizaron, elaborouse o diagnóstico do problema, o cal se lle presentou aos participantes no grupo de enfoque, co obxectivo de agregar datos, validar información e confirmar achados. Finalmente bosquexáronse as propostas de mellora co obxectivo de crear o cambio; a implementación destas podería levarse a cabo en posteriores investigacións.

5.7. Ámbito de estudo

O estudo ficou nunha das universidades pertencentes ao SUG, co fin de

valorar se se trata dun contorno favorable á plena integración e desenvolvemento dos estudantes con diversidade funcional. Non se trata unicamente de valorar se existe igualdade á hora de acceder ás aulas e á formación ofertada, senón tamén de coñecer as inquedanzas ou sentimentos que lles poden producir todas as facetas da vida universitaria, como poden ser a realización de actividades propostas pola universidade (que non pertencen ao currículo) ou a rede de apoio social con que contan dentro deste ámbito, entre outras.

5.8. Entrada ao campo

A entrada ao campo realízase a través dun porteiro, que facilitou o contacto entre o investigador e os participantes a través do servizo de atención á diversidade pertencente á rede de universidades do SUG.

5.9. Aspectos éticos

Para poder asegurar a confidencialidade e a protección dos datos persoais de cada participante, fíxoselle entrega dun documento de información ao participante (Apéndice II), en que se expón que os únicos datos empregados neste estudo serán o sexo, a idade e a rama de coñecemento de cada un dos participantes, e que estes datos serán tratados baixo a Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Cada participante recibiu un código que o identifica segundo a orde en que se realizaron as entrevistas. Para permitir empregar estes datos, os suxeitos asinaron o consentimento informado (Apéndice III); os participantes que non asinaron excluíronse do estudo.

Por outra banda, no consentimento informado expónselles aos suxeitos a

posibilidade de recibir información dos resultados obtidos coa investigación; se eles o desexan, serán informados e recibirán unha copia das conclusións do estudo.

5.10. Rigor metodolóxico

Para garantir a validez dos datos obtidos nesta investigación, valóranse os seguintes criterios:

- Dependencia: para que os resultados sexan o máis minuciosos posible e poidan repetirse ao realizar investigacións no mesmo contexto e cos mesmos suxeitos, realizáronse descrições meticulosas das características dos informantes; do mesmo xeito identificáronse e describíronse as técnicas de análise de datos e delimitouse o contexto físico e social da investigación.
- Credibilidade: o investigador, a partir dos datos obtidos, realizou unha aproximación sobre os pensamentos e sentimentos dos participantes de cara ao fenómeno estudado. Para acadar os resultados do estudo levouse a cabo a triangulación de investigadoras, revisando de maneira continuada o proceso de análise de datos. Para garantir a credibilidade do estudo empregáronse as entrevistas directas que foron transcritas, a observación da linguaxe non verbal dos suxeitos e por último un grupo de enfoque que confirmou os achados, todo isto apoiouse coa bibliografía actual sobre a temática da investigación.
- Transferibilidade: para que os datos obtidos no estudo poidan ser empregados en diferentes contextos, describiuse de forma exhaustiva e precisa o ambiente, os participantes, os materiais e o momento do estudo. A diversidade da mostra apoia a transferibilidade dos

resultados.

- **Confirmabilidade:** o investigador tratou o estudo dunha forma neutral, de forma que se puidesen confirmar os datos e os resultados obtidos con outros estudos similares. Para garantir a confirmabilidade do estudo o investigador levou a cabo triangulación de técnicas (entrevista e grupo de enfoque), triangulación de investigadoras á hora de analizar os datos obtidos e triangulación de informantes (os participantes e o informante clave). O grupo de enfoque aporta maior confirmabilidade, posto que se revisan cos participantes os resultados obtidos e se achega información sobre as posibles medidas que se poderían levar a cabo para responder ás necesidades detectadas.

6. Resultados

6.1. Resultados das entrevistas individuais

6.1.1. Superación e aprendizaxe

Do discurso dos participantes extráese que participar activamente, tanto no proceso académico como no ámbito social pertencente á etapa universitaria, implica por un lado unha superación persoal e profesional, xa que consideran que ese é o ámbito onde se forman como persoas e como profesionais, e indican que a pesar das moitas barreiras ou facilitadores cos que se poden atopar diariamente, a ocupación que están a levar a cabo proporciona significado á súa vida e ao seu quefacer cotián, á vez que os define.

“Es como una superación profesional el...bueno estoy realizando una carrera que no todos a lo mejor pueden hacerla y es algo que me gusta y, pues, no sé, cuando saque el título diré, bueno ¡lo he conseguido!” P6.

“...desarrollarte profesionalmente, personalmente, sí, eso es lo que implica.” P5.

“Les ayuda en un aspecto fundamental, y es que la universidad todo el mundo se hace “adulto”, tú vienes a prepararte profesionalmente, pero es que además en el periodo de edad en el que suele coincidir te haces adulto, vamos, se supone que tú cuando terminas tienes que poder hacer frente a un trabajo y a una independencia.” Informante clave.

O que valoran moi positivamente os estudantes é a adquisición de coñecementos que lles proporciona o feito de estar cursando estudos

universitarios. Indican que aparte de se formar como futuros profesionais de determinado ámbito, a súa identidade configúrase segundo determinadas crenzas e valores, valores que tamén se inculcan parcialmente no ámbito universitario

“...lo que implica para cualquier persona, aprender, estudiar...” P5.

“Aprendemos cosas que me gustan... me hace sentir bien... siempre y cuando sea algo que me guste.” P8.

*“...los hay que disfrutan mucho de la experiencia universitaria, aprenden mucho, y se sienten satisfechos con ella”
Informante clave.*

Os participantes refiren que ambos os dous sentimentos conflúen, é dicir, para os estudantes implica tanto unha superación atoparse cursando estudos universitarios como unha aprendizaxe, referida á adquisición de coñecementos e experiencias vitais, coa que se lles proporciona un cimento sobre o que encamiñar o seu futuro tanto profesional coma persoal.

“...por un lado es una experiencia, y por otro es un aprendizaje, de superación...” P2.

“Nada...aprender más que nada, lo que implica para cualquier persona, aprender, estudiar, desarrollarte profesionalmente, personalmente, sí, eso es lo que implica.” P5.

*“Yo creo que se trata de una etapa de crecimiento personal...”
Informante clave.*

“...para mí es un reto estar aquí.” E4.

6.1.2. Frustración e cambio

Por outra banda, alúdese a que participar no eido universitario leva consigo sentimentos de frustración debido ao esforzo que supón para eles enfrontarse de maneira cotiá con diversas barreiras ou necesidades que non se atopan resoltas de antemán, e ás que hai que dar resposta segundo estas se presenten.

“Para mí es un esfuerzo venir aquí todos los días y los profesores yo creo que no son conscientes de lo que realmente implica.” P3.

“Para mí ya es difícil levantarme todos los días para además tener que preocuparme...” P7.

“Los hay que para ellos es como...no voy a decir como un calvario porque suena muy fuerte, pero es como un...un algo que no son capaces de no sé, que les frustra, sí yo creo que la palabra es frustrante.”
Informante clave.

“...el mundo universitario es quizás más “arisco” y más difícil para ellos.”
Informante clave.

Os participantes narran que unha situación que afecta relativamente ao seu desenvolvemento académico e persoal é a do cambio, todos os cambios acontecidos ao comezar a realizar estudos universitarios, entre eles relacionarse con novas persoas, coñecer novos docentes, acudir a outras instalacións (adaptadas ou non as súas necesidades) e nalgúns casos afastarse das súas amizades, teñen a súa correspondente repercusión nos diferentes estudantes.

“...yo vengo de un colegio en el que era muy distinto todo, y meterte aquí de primeras es muy duro, el cambio es muy radical.” P3.

“...a decir verdad no crees que cuando vayas a llegar aquí, o sea que cuando estás en disposición para entrar, no te imaginas que va a ser tan duro.” P7.

“...la mayoría vienen de colegios e institutos en los que llevan mucho tiempo con los mismos compañeros y cambiarlos de ambiente es difícil.”

Informante clave.

“Si entras en la universidad y pierdes un poco el contacto, aunque no mucho, pero siempre pierdes algo de contacto, con la gente con la que solías moverte, pero tampoco eres capaz de tener un contacto similar con los nuevos compañeros que tienes, eso a veces te hace sentir un poco apartado.”

Informante clave.

Un dos feitos que repercute neste cambio, é a relación docente-alumno no ámbito universitario. Desde o punto de vista da maioría dos participantes, é necesaria unha relación máis cordial e menos institucionalizada, coa que se fomenta un clima de confianza e apoio mutuo que favoreza a ambas as partes.

“Quisiera que los profesores vinieran a hablar conmigo, que existiera una relación más cordial, como en el colegio, que no sea una relación tan institucionalizada, como lo es hasta ahora.” P3.

“...que tengan un poco de comunicación con el alumnado... un poco de ponerse en el lugar de la otra persona, un poco de empatía, a veces...sí.” P6.

“Deberían de mirar más por el alumno” P7.

“Los docentes que tienen, no tienen una relación tan cercana con ellos como a lo mejor puede ser en primaria, que a lo mejor están mucho más protegidos, o en secundaria....”

Informante clave.

6.1.3. Rede social: apoio e impotencia

Unha observación que subliñan sobre a relación que manteñen cos seus compañeiros é a de que dependendo do tipo de discapacidade que posúan os compañeiros se comportan de determinada maneira. Indican que cando se trata dunha discapacidade visible (como pode ser a discapacidade física ou a visual, entre outras) os compañeiros son máis sobreprotectores e involúcranse máis na relación entre iguais para tratar de axudar a persoa no momento en que o precise. Pero refiren que cando a discapacidade non é visible (discapacidade auditiva, enfermidade mental, entre outras) os compañeiros, por descoñecemento desta circunstancia, compórtanse de maneira máis arisca, polo tanto, a implicación non é a mesma.

“Probablemente la gente que no sabe lo que tienes, me trate diferente a mí que a alguna persona que se le ve el defecto físico” P7.

“Dentro do que cabe na miña situación para axudarme poden botarme unha man en trasladarme a un sitio, quitarme unha silla do sitio, no meu caso non creo que sexa moi difícil e supoño que calquera sabe abordar a situación, pero noutros casos ó mellor non é tan sinxelo.” P4.

“Yo creo que en principio no tendrían que tener problema a la hora de si les dices: “mira es que no puedo hacer esto”, pero muchas veces a lo mejor no te das cuenta de lo que implica o el problema real de la situación.” P6.

*“Yo creo que aquí la relación con los compañeros casi siempre depende de si la discapacidad es visible o no, por la experiencia que yo tengo, pero ya te digo, también es una opinión personal, no sé si en todos los casos pasa esto, si la discapacidad es visible, como la gente ya te percibe como lo que tienes, no lo que eres, entonces los compañeros en general suelen ser más “sensibles”... si la discapacidad no es visible y tú no la explicas o no lo sabe nadie, los compañeros perciben que eres un poco distinto pero no saben por qué, entonces la relación es más complicada.”
Informante clave.*

“Cuando no es algo visible la gente no lo entiende... ayuda tener ese cartel de saber lo que tienes.” E4.

En xeral valoran a relación que manteñen cos seus compañeiros como boa, e nalgúns casos encóntranse con que os compañeiros son o maior apoio co que contan dentro deste ámbito, posto que son os que lles axudan no momento en que o precisan.

“Muy buena, bastante buena sí, la verdad es que cuando se me presenta algún problema y les suelo pedir ayuda, la verdad es que son los primeros en tender la mano. Me siento una privilegiada.” P2.

“É boa, no meu caso xenial con todos.” P4.

“Los compañeros en la mayor parte de los casos ayudan mucho a sus compañeros, nunca he percibido que le hagan el vacío, todo lo contrario, arropan mucho.”

Informante clave.

Por outra banda tamén se fai referencia á actitude reticente que mostran algúns compañeiros á hora de realizar traballos grupais con persoas con diversidade funcional. Indican que este feito lles provoca un sentimento de impotencia, ao non lle dar a oportunidade de demostrar as súas capacidades nin a posibilidade de interactuar con eles no ámbito académico.

“Yo, lo que noto es que a la gente con discapacidad nos tratan diferente, en el sentido de que nos...Por ejemplo los trabajos que hacemos, la gente es muy reacia a ir contigo, porque prefiere otra persona que no de nada de dificultades para hacer un trabajo.” P3.

“...no se dan cuenta de que realmente yo tengo unas necesidades pero eso no implica que no pueda hacerlo.” P7.

“Cuando entras en una carrera tienes que sentar unas bases, con el círculo de personas que te vas a mover, pero si hay ciertas barreras que te impiden pues digamos...poder integrarte, eso también influye.”

Informante clave.

“Yo creo que aunque no se note así abiertamente en el fondo sí, nunca me ha pasado directamente de...” “¿te pones con fulanito?” eso de que a los demás les salga “¡me pongo contigo!” salvo que tengas una relación de amistad o de compañero, yo sí que lo noté, que es muy raro que se acerquen a ti por propia voluntad.” E3.

6.1.4. Recursos

En relación coa categoría do discurso emerxen diversidade de opinións acerca de como a comunidade universitaria facilita ou trata de resolver as necesidades que poden presentar os estudantes con diversidade funcional, tanto no ámbito académico como no social. Por unha banda algúns dos participantes comentan como a universidade os apoiou en todo o que quixeron levar a cabo, proporcionándolle os recursos necesarios.

“Esta universidad sí. Creo que sí, hay cosas que es más complicado pero sí, yo creo que sí, por lo menos en todo lo que yo he querido participar la universidad siempre me ha apoyado.” P5.

“Sí, hombre yo creo que por lo menos lo intentan, que se consiga o no, en mayor o menor medida... pero yo, con esta en concreto no tuve ningún problema.” P6.

“Sí, antes creía que no, creía que la gente diferente no podía participar, no sé, estar excluida, pero es tener una cosa así...” P7.

*“Yo creo que el 95% de sus esfuerzos va dirigido a esa parte, a facilitar que los estudiantes tengan acceso absoluto, todos los estudiantes, independientemente de que tengan discapacidad o no, tengan un acceso a todo lo que son las actividades lectivas.”
Informante clave.*

Pero por outra banda, tamén se fai referencia a que durante a súa experiencia universitaria viviron algunha circunstancia de falta de implicación por parte do profesorado no proceso académico, indican que estas situacións repercuten no seu correcto desenvolvemento.

“...sobre todo en el profesorado veo que no es la misma implicación. Por ejemplo, hay profesores que se implican más, otros tienen un interés menos acentuado que otros. P2.

“...que tengan un poco de comunicación con el alumnado...que cada uno tiene sus problemas, un poco de ponerse en el lugar de la otra persona, un poco de empatía, a veces...sí.” P6.

“Yo creo a día de hoy, que si me hubieran facilitado un poco la labor, hubiera estado más integrada.” P2.

“Yo creo que el problema aquí está en el modelo, que todavía estamos mucho en ese modelo de si se presenta el caso, yo voy y me preocupo de, si en esa actividad hubiéramos creado una sola vez una alternativa, podríamos utilizarla para todas las veces que yo realice esa actividad.”

Informante clave.

Todos os participantes indican que empregan de forma cotiá os recursos ofertados por parte da comunidade universitaria de cara ás persoas con diversidade funcional, a través dun servizo específico creado con esa finalidade, a de lle proporcionar a cada un deles os recursos necesarios para un desenvolvemento académico satisfactorio.

A maioría refiren empregar o servizo de transporte adaptado, que os traslada diariamente desde os seus domicilios ata a facultade correspondente, aínda que coñecen a existencia de moitos máis recursos e adaptacións que lles ofrece o dito servizo.

“El transporte adaptado, proporcionado por la universidad por mediación de la Xunta, lo utilizo diariamente.” P4.

“El servicio de transporte adaptado de la universidad, no sé, es el único recurso que utilizo, pero conozco también que tienen... los acompañantes, los voluntarios, los asistentes personales, hay recursos... por ejemplo ordenadores que se dan a los alumnos que tienen diversidad... sí que hay recursos, lo que pasa es que no utilizo ninguno, sólo transporte.” P5.

6.1.5. Contorno e barreiras

A maioría dos participantes subliñan que se atopan con barreiras que repercuten no seu correcto desenvolvemento académico, xa sexan barreiras arquitectónicas ou da comunicación. Cando isto ocorre os estudantes indican que se encontran en desvantaxe co resto dos seus compañeiros polo feito de non poder participar de maneira igualitaria no contexto universitario.

“No meu caso por exemplo, se empezo a nomear todas as barreiras arquitectónicas coas que me atopei pois, no meu caso non tiven a mesma igualdade que tivo outra xente entón, no meu caso non, non é igualitario” P4.

“La silla no coge debajo de una mesa normal, no es lo suficientemente ancha para una silla y entonces te das cuenta de que a la universidad le faltan un montón de cosas” P7.

“...es que tengo este problema y voy a desarrollar esto para solucionarlo, no, vamos a hacerlo desde la base, tiene que estar en la base siempre, cuando se vaya a hacer un edificio nuevo, una actividad nueva, todo, el todo tendría que estar desde la base, que sea accesible para todos.”
Informante clave.

“Me encuentro con barreras muy importantes de comunicación día a día.” E1.

Debido á existencia destas barreiras os participantes salientan que é preciso que soliciten continuamente que se resolvan as necesidades detectadas, este feito fai que non poidan pasar desapercibidos e ás veces teñan que dar explicacións das características da súa diversidade a pesar de non ser do seu agrado.

“Me hubiera gustado que, yo como alumna, pasara desapercibida, es decir, me hubiera gustado estar en igualdad de condiciones que el resto de mis compañeros, no estar yo siempre llamando la atención, porque yo exijo una serie de facilidades, cuando yo quiero pasar desapercibida, quiero que me lo pongan de antemano, no estarlo recordando día a día, eso es lo que me gustaría... que estuviera implicada al cien por cien como el resto de mis compañeros.” P2.

“Case prefiro que non me atendan a min en nada persoal, porque realmente o que necesito é...bueno o transporte si, que me abran a porta, que me quiten a cadeira do sitio para que eu poida entrar na mesa, pero non necesito que me presten especial atención máis que ós demais, case prefiro que pase de min ou que me traten como a un calquera.” E2.

“Muchas veces preferiría pasar más desapercibida y que no estuviesen tanto encima...a veces se desviven demasiado incluso y dices tú: “déjame olvidar un poco que estoy mal que en el fondo vengo aquí a hacer una vida normal”, creo que todos venimos aquí a normalizar nuestras vidas, a ser como la otra gente y si están todo el día recordándote...pues te das cuenta de que eres diferente al resto.” E4.

“Cuando te das cuenta de que están todos mirándome me siento discapacitada realmente” E1.

Como mencionamos, ás veces é preciso que expliquen que tipo de discapacidade posúen para que tanto os docentes como os compañeiros comprendan cal é a situación para así poder actuar e dar resposta ás súas necesidades. A maioría coinciden en que o feito de ter que explicar que teñen discapacidade é un feito que condiciona a actitude posterior das persoas que coñezan esta información.

“Para pedir información en secretaría ni siquiera te miran a la cara y hablan súper rápido, y yo les tengo que decir: “por favor puedes hablarme más despacio y me miras a la cara” y entonces tengo que decirle lo que me pasa y me tratan como...mejor.” E1.

“Las explicaciones si quieres dárselas a alguien se las das, no porque te las pidan, yo no tengo por qué decirle a nadie lo que tengo.” E4.

A importancia que adquire neste apartado o contorno é fundamental posto que refiren que é o contorno o que establece estas barreiras. Indican que ser unha persoa con diversidade funcional non é unha limitación, a limitación é que o contorno non se atopa preparado para responder ás necesidades e impide que poidan desenvolverse de forma normalizada e satisfactoria en todos os contextos.

*“A veces su dependencia o su independencia pasa por los recursos que se pueden poner en marcha para ellos, entonces claro, ya no depende solo de ellos, sino de todo lo que los rodea.”
Informante clave.*

“Las instalaciones de los edificios están tan antiguas que las adaptaciones no se pueden llevar a cabo, es decir, aunque se llevara lo que a mí me hacía falta, no se podían colocar.” E3.

No grupo de enfoque detectouse un problema engadido que é o que ocorre á hora de tentar resolver as necesidades detectadas por parte da institución académica. Sinalan que en moitas situacións a institución non se dá conta de que debe pensar na diversidade de cada un dos estudantes para levar a cabo certas medidas co obxectivo de que os estudantes poidan desenvolverse de forma satisfactoria no ámbito universitario.

“No meu caso temos saídas e dáste conta de que esa saída está prevista desde hai semanas e saben perfectamente que eu ando en cadeira de rodas e saben as dificultades que teño e ata a véspera que lles preguntei se o local era accesible, non te informan nin che din nada, cando saben perfectamente que estás nesa situación, moitas veces non poñen da súa parte.” E2.

“En exámenes que hay un despiste por parte del profesor, imagínate... “aí no pues me he equivocado” y yo no me entero, estoy muy concentrada, muchas veces cuando me concentro no oigo nada alrededor a no ser que alguien me avise, pero si nadie me avisa pues sigo adelante y a lo mejor por culpa del error del profesor tengo un punto menos en el examen.” E1.

*“Que sexa tan obvio que teñan que facer esas cousas e non se dan conta...”
E2.*

6.1.6. Coñecementos

Adquire importancia o feito dos coñecementos que posúen tanto o estudantado como o profesorado sobre os temas relacionados coa

discapacidade posto que a maioría dos participantes indican que é difícil comprender realmente o que implica a discapacidade cando non o vives moi de preto.

“Yo creo que los conocimientos suficientes no los tiene nadie que no lo viva, es muy propio de cada persona, cada uno lo lleva a su manera.” P6.

“Coñecementos supoño que terán os que simplemente perciben pola vista.” P4.

Por outra banda, tamén consideran que o feito de que se relacionen cos seus compañeiros e docentes diariamente lle facilita a estes a tarefa de coñecer a diversidade, saber como tratala e pouco a pouco tentar que a relación entre eles sexa unha relación satisfactoria da que todos poidan nutrirse.

“Bueno...la gente hasta que no tiene esto muy cerca no se va dando cuenta, pero bueno juegan con la ventaja de estar tú participando y también van conociendo tus necesidades y tus dificultades y vamos interactuando ambos, ellos van aprendiendo sobre todo y yo también aprendo.” P5.

“A lo mejor a la gente encontrarse con una persona así con discapacidad, a lo mejor, por el tema de ser algo..., no sabían cómo acercarse, de tener una primera toma de contacto pero recuerdo que a lo largo de estos años, gracias a la convivencia, esto se ha ido aflorando y a mejor.” P2.

“Gracias a la convivencia con los compañeros se pierde lo que es el estigma.” E1.

“O de non comprender o que implica a discapacidade ata que o vives de preto ata certo punto véxoo normal, o problema ven despois, que si eles non

se queren adaptar ás túas necesidades é cando aparece realmente o problema, que o principio non te coñezan é normal, claro que non te van coñecer nin van saber o que ti necesitas ata que pasen tempo contigo” E2.

Pero en xeral, existen discrepancias entre os participantes acerca de se existe ou non un descoñecemento sobre esta temática en ambos os colectivos. Uns sinalan que en xeral non teñen ningún tipo de coñecemento sobre os temas relacionados coa discapacidade, mentres que outros opinan que na súa situación en concreto souberon resolver as necesidades existentes.

“La mayoría de ellos no tienen ni idea, si no se lo explicas...cuando se lo explicas dicen: “¡Ahh!”, pero mientras tanto la mayoría de ellos no saben lo que implica.” P7.

“Creo que no saben nada...cada uno va a su bola y punto.” P3.

“No sé qué decirte, con lo que vi de momento yo opino que sí, en mi caso lo supieron abordar.” P8.

“Hay mucho desconocimiento, ni tus compañeros saben tratarte ni los profesores muchas veces saben cómo ayudarte, es muy difícil, pero a veces te sorprenden, algunos tienen una empatía tremenda, hay de todo.” P6.

*“Pocos, muy pocos, cero. A no ser que tengáis alguien en clase que tenga una discapacidad, en general, no tenéis contacto nunca con el mundo de la discapacidad, a no ser que te dediques profesionalmente o quieras estudiar una carrera en la que haya alguna parte relacionada con la discapacidad.”
Informante clave.*

6.1.7. Ocio universitario

Todos os participantes refiren que non participan en ningún tipo de actividade non lectiva organizada pola comunidade universitaria. Indican que o motivo polo que se mostran reticentes á hora de participar neste tipo de actividades pode ir desde unha simple falta de interese, ata carencia de tempo de ocio ou de información.

“Paréceme que é unha boa idea, aínda que non participe. Ao mellor é cuestión de ter tempo ou querer facer outras cousas simplemente, entón non participo.” P4.

“Las actividades que se proponen, no se avisa a nadie ni nada, ponen un cartel ahí fuera, y realmente nadie sabe nunca nada de cuando se convocan las actividades ni nada. Es un poco lamentable.” P3.

“Bueno, yo creo que a lo mejor si hubiera más variedad de actividades, y sobre todo eso, si existiera una preocupación más grande sobre que todos los estudiantes pudieran tener acceso a ellas, todos los estudiantes...en especial, porque hay veces que hay recursos... si tienes que poner una rampa o si tienes que poner una frecuencia de FM, o si tienes una persona que tiene discapacidad visual y tienes que poner alguna alerta auditiva, hay cosas que hay que prever y hacer con un poco de tiempo, que tampoco es que sea muy complicado, simplemente es prever.”
Informante clave.

“Non sei se na miña parte é falta de interese ou que non teño coñecemento por falta de información.” E2.

6.2. Resultados do grupo de enfoque

Os resultados amosados ata o de agora emerxen do discurso dos participantes nas entrevistas individuais e ratifícanse no grupo de enfoque. Porén, neste grupo xurdiron algunhas propostas de mellora que son tratadas como resultados da investigación e que a continuación se expoñen.

6.2.1. Información previa sobre as necesidades dos estudantes

Do discurso dos participantes emerxe que a institución universitaria debería contar con información dos estudantes matriculados previamente a que o curso académico comece; subliñouse que con isto os docentes da facultade correspondente poderían coñecer con antelación a situación do estudante que vai comezar os seus estudos nesas instalacións.

“Deberían avisar al profesorado antes de que empiece el curso, avisar con antelación para que se preparen, para que tengan una idea y poder facilitar un poco al alumno y al profesor” E1.

Algúns dos participantes subliñan que é precisa a existencia dalgún tipo de comunicación entre os docentes e o alumnado para poder expresar cales son as súas necesidades ou que adaptacións precisaría de maneira cotiá no eido universitario, entre outras.

“Antes de empezar la universidad tuvimos una reunión yo y mis padres con el decano y se le comentó la situación y hasta me propusieron fraccionar las asignaturas, con los profesores no se hizo, solo con el decano. Le pedimos tutor y nos dijo que me podrían asignar uno por si tenía algún problema que me lo pudiera solucionar.” E3.

“A min o da reunión si que me parece básico, paréceme esencial.” E2.

6.2.2. Propiciar o deseño universal

Un dos cambios que suxiren e ven necesario os participantes é que se propicie o deseño universal, comentan que é precisa a eliminación de todas as barreiras arquitectónicas que supoñen unha dificultade para eles tanto á hora de acceder ás instalacións universitarias como á hora de participar activamente no seu proceso académico.

“Una universidad sin barreras, completamente sin barreras.” P1.

“Simplemente unha facultade na que poida chegar e non ter ningún tipo de barreira arquitectónica nin barreira de ningún tipo.” P4.

*“Que el diseño para todos formara parte de la base, no de la cúspide... yo no tengo que tener una universidad que se adecúe, yo tengo que tener una universidad en la que todo el mundo pueda entrar, ¡todo el mundo!
(Informante clave)*

6.2.3. Facilitar o acceso á comunicación

Os participantes indican que é necesario facilitar o acceso á información a través de diferentes soportes ou vías para que poidan ter acceso a toda a documentación e coñecementos que se presentan durante a docencia igual que os seus compañeiros.

“Le he pedido a los profesores que me facilitaran los apuntes de antemano y me decían que no me los podían facilitar, entonces tengo que molestar a mis

compañeros, que son personales y a la hora de leerlo cada uno lo entiende a su manera.” E1.

“Los vídeos, tienen que ser con subtítulos.” E1.

“¡Qué menos que transcribirte un vídeo!” E4.

6.2.4. Formación en temas relacionados coa discapacidade

No grupo de enfoque evidénciase a necesidade de potenciar a oferta de formación en temas relacionados coa discapacidade, sendo formación en que se adquiran actitudes e aptitudes sobre como tratar ou acometer diferentes situacións. Os estudantes comentaron que a antedita formación por ningún medio debería ser de tipo obrigatorio.

“Eu penso que iso vai na personalidade de cada un, o caso é ter interese, cando aparece o problema que che intenten axudar da mellor maneira.” E2.

“No obligarlos, que si se encuentran con alguien que tenga algún tipo de discapacidad quizás sí necesitarían un curso para saber tratar a esa persona.” E4.

“Yo creo que obligar a la gente a aprender sobre algo nunca funciona” E3.

6.2.5. Ocio universitario para todos

Outra idea que salientaron os estudantes foi a de introducir dun modo gradual adaptacións coas que se tente fomentar a inclusión de persoas con diversidade funcional nas actividades de ocio enmarcadas no ámbito universitario. Tamén comentaron a necesidade de proporcionar máis

información sobre este tipo de actividades en que se inclúan todas as persoas, independentemente da súa diversidade.

“Creo que hay cosas que se podrían cubrir por ejemplo, si yo quiero hacer atletismo o el equivalente a atletismo que hay para minusválidos, te ponen una silla de correr o algo así, que tengan una silla que a lo mejor te cueste un pastizal y que a lo mejor nunca se va a usar pues no; el fútbol por ejemplo creo que para los ciegos les ponen una campanilla o algo así en la pelota, pues que tengan una pelota de esas que a lo mejor no es un gran desembolso de dinero, creo que no les costaría nada tenerla ahí, por si se diera el caso.” E3.

“Vexo necesaria más información e publicidade da existencia de actividades adaptadas.” E2.

6.3. Mapa conceptual dos resultados

A continuación, na Figura 2, expónse un mapa conceptual no que se concentran os resultados obtidos na presente investigación.




Figura 2. Mapa conceptual dos resultados

7. Discusión

O presente estudo suxire que é preciso intervir a favor dunha comunidade universitaria inclusiva. Logo da análise de datos obsérvase que os estudantes universitarios con diversidade funcional que participaron nesta investigación se atopan diariamente con limitacións ou barreiras que repercuten no seu correcto desenvolvemento no eido académico.

Explorando as vivencias dos estudantes con diversidade funcional no ámbito universitario obsérvase como o feito de estar a cursar estudos superiores supón unha superación persoal e profesional á vez que implica unha adquisición de coñecementos enriquecedora para o seu futuro, sendo o lugar en que tentan acadar un desenvolvemento normalizado e sentirse en igualdade de oportunidades co resto dos seus compañeiros. Moriña Díez e Molina Romo (2001) consideran que os estudos universitarios contribúen en si mesmos ao crecemento persoal e intelectual, o que nalgúns casos se traduce nunha mellora no grao de autonomía.

Identifícanse certas dificultades á hora de participar activamente neste ámbito como pode ser a falta de vínculo entre os estudos previos³ e a universidade, o que implica un descoñecemento dos recursos como o propio recurso de atención á diversidade ou as actividades ofertadas por parte da comunidade universitaria, entre outros. A escasa unidade entre os estudos previos e os superiores, a nivel de información, leva consigo factores de cambio máis bruscos dos desexados como pode ser menor protección por parte do profesorado e a existencia dunha relación menos colaborativa entre os compañeiros.

³ Estudos previos: educación secundaria ou ciclos formativos de grao superior.

Os compañeiros actúan como soporte facilitando na medida do posible a participación en todas as ocupacións pertencentes e características deste ámbito. Novo-Corti, Muñoz-Cantero e Calvo-Porrál (2011) indican que os mozos universitarios amosan unha actitude positiva cara aos seus compañeiros con diversidade funcional e un maior grao de sensibilización cara á discapacidade. Na tese de doutoramento de Martínez Martín (2010) reflíctese que os estudantes amosan unha actitude xeralmente positiva cara á diversidade funcional. Por outra banda determínase que en ocasións mostran unha actitude reticente á hora de levar a cabo tarefas a nivel grupal cos seus compañeiros con diversidade funcional. Na investigación de Martínez Martín (2010) os estudantes consideran que as súas capacidades e habilidades non se ven valoradas dunha maneira axeitada, feito polo que perciben maior dificultade para implicarse no proceso de integración. Podemos afirmar, segundo os resultados obtidos neste estudo, que a actitude que amosan os compañeiros cara a outros con diversidade funcional en certa medida se atopa determinada por se a discapacidade que posúen é visible ou non, adoptando unha postura máis protectora no primeiro caso.

A institución universitaria funciona como un pilar moi importante en canto á subministración de recursos e resolución de problemáticas aínda que se identifican certas carencias en relación coa falta de coñecementos sobre temas relacionados coa discapacidade, feito que diminúe as estratexias para a detección de necesidades dos estudantes e por conseguinte, a resolución de problemáticas. Debido a antedita situación Moriña Díez, López Gavira, Melero Aguilar, Cortés Vega e Molina Romo (2013) e sinalando como principal barreira a falta de formación por parte do profesorado, identifican a necesidade de dotar dunha maior información e formación ao persoal da institución para atender a diversidade, considerando fundamental posuír algún tipo de coñecemento á hora de tratar de facilitar a participación das

persoas con diversidade funcional e por ende o seu desenvolvemento académico. Identificaron esa mesma necesidade Castellana e Sala (2005), Hadjikakou e Hartas (2008), Moswela e Mukhopadhyay (2011) e Sánchez Palomino (2009) que subliñan que o profesorado debería formarse para proporcionar unha resposta de calidade á isto. Neste estudo detectouse a necesidade de introducir a formación en temas relacionados coa diversidade como un contido transversal durante a etapa formativa fomentando deste xeito un maior coñecemento que favoreza un desenvolvemento axeitado e que promova a creación de redes sociais de apoio no eido universitario.

Outra posible solución a esta problemática é a que propoñen Moriña Díez, López Gavira, Melero Aguilar, Cortés Vega e Molina Romo (2013) que suxiren a articulación dun mecanismo eficaz coa finalidade de facilitar información previa aos docentes sobre as diversas situacións con que se poden atopar nas aulas co obxectivo de facilitar e axilizar a resolución de problemáticas e fomentar un principio real de igualdade de oportunidades e inclusión universitaria. Existen recursos para as persoas con diversidade funcional pero, no caso do estudo de Alcedo, Abuado Real, González e Rueda (2007), os alumnos entrevistados demandan materiais e recursos adaptados ás súas necesidades e, por outra banda, información de cara á comunidade universitaria sobre temas relacionados coa discapacidade, habilidades, dificultades e necesidades.

Na presente investigación valórase de maneira moi positiva a convivencia tanto con docentes como con alumnos; esta convivencia, segundo Higbee, Siaka e Bruch (2007), é recoñecida polos estudantes como unha experiencia educativa enriquecedora, posto que é favorable á hora de facilitar a adquisición de coñecementos sobre a maneira de se enfrontar con certas situacións. Martínez Martín (2010) indica que a experiencia académica en

situación de integración educativa afecta favorablemente na actitude dos estudantes cara ás persoas con diversidade funcional.

O contorno identifícase como a fonte que achega parte das barreiras coas que se atopan de maneira cotiá, Fernie e Henning (2006) e Oliver e Barnes (2010) explicaron que as barreiras que se atopa o alumnado están no ambiente e non no individuo, tal e como o propón o modelo social de discapacidade. Por tanto considérase que se esas barreiras non existisen, a diversidade funcional non debería repercutir no desenvolvemento autónomo das persoas no eido universitario. Moriña Díez e Molina Romo (2011) conclúen que as barreiras arquitectónicas que se atopan nos centros, incluíndo as aulas que en moitos casos están obsoletas, carecen de posibilidade de adaptación para os alumnos con discapacidade ou non contan cunha acústica adecuada; á vez que Novo-Corti, Muñoz-Cantero e Calvo Porral (2011) opinan que a universidade non conta cos recursos precisos para dar docencia a alumnos con discapacidade e que nos seus edificios existen moitas barreiras arquitectónicas.

Debido á existencia destas barreiras, os participantes non se atopan en igualdade de oportunidades que o resto dos seus compañeiros por varios motivos como verse na obriga de solicitar atención continuada por parte do profesorado para resolver as necesidades detectadas e en certos momentos, dar explicacións sobre a súa diversidade para acadar unha solución de maneira máis áxil. Castellana e Sala (2006) engaden que a aula non dispón dos recursos necesarios para favorecer a inclusión e que o profesorado non imparte as clases empregando as metodoloxías axeitadas para que poidan participar plenamente nelas e polo tanto, o colectivo de persoas con discapacidade non se atopa en igualdade de oportunidades que o resto dos seus compañeiros.

Detectase a necesidade de propiciar o deseño universal ou deseño para todos co obxectivo de acadar a igualdade de condicións no acceso ó eido universitario. Na actualidade estanse a adaptar cada unha das instalacións que supoñen algún tipo de barreira ou restrición para o individuo; pero conta con verdadeira importancia a necesidade de deseñar todas as institucións baseándose nos principios de accesibilidade universal, desde esta perspectiva non se adaptan as barreiras ás necesidades individuais, senón que desde a creación da institución se pensa nas necesidades do colectivo favorecendo con este principio de deseño universal o desempeño ocupacional non só dos estudantes con diversidade funcional, senón de toda a sociedade.

Aínda que a maior parte dos participantes expresaron o seu desexo de ser tratados como un alumno máis tamén recoñecen que teñen algunhas necesidades ás que hai que dar resposta. Posúe relevancia que deben ter un acceso completo e igualitario á información e á documentación, Moriña Díez, López Gavira, Melero Aguilar, Cortés Vega e Molina Romo (2013) subliñan no seu estudo que en numerosas ocasións os docentes non se mostraron predispostos a facilitar o antedito acceso. O descoñecemento sobre temas relacionados coa diversidade pode ser un factor a ter en conta para que acontezan estas situacións no eido universitario.

A existencia dunha relación máis distante cos docentes que nos estudos previos pode prexudicar a adecuación dos estudantes ao eido académico en que se atopan inmersos e repercutir na adaptación a este medio, facendo que se produza con maior lentitude e dificultade. Tinklin, Riddel e Wilson (2004) mencionan que a universidade en ocasións, non está o suficientemente preparada para incluír o alumno con diversidade funcional; a pesar de que existen normativas que regulen o dereito deste alumnado para recibir unha educación de calidade e en igualdade de oportunidades, coas

adaptacións curriculares que sexan precisas, as medidas que se toman, a miúdo, son reactivas⁴ e non proactivas. Moriña Díez, López Gavira, Melero Aguilar, Cortés Vega, e Molina Romo (2013) identificaron máis barreiras que axudas na experiencia académica dos seus participantes.

Detectase a necesidade de promover unha relación docente-alumno menos institucionalizada, posto que este tipo de relación dificulta a adaptación do alumno ó eido no que desenvolve os seus estudos. Programas de sensibilización ou aportar formación en temas relacionados coa diversidade poderían ser o primeiro chanzo para fomentar a existencia dunha relación cordial e fundamentada na empatía e no diálogo.

No estudo de Novo-Corti, Muñoz-Cantero, e Calvo-Porrá (2011) da Universidade de León, existe unha escasa participación en actividades deportivas e lúdicas organizadas pola Universidade; case a metade dos participantes indicaron que nunca participaron en ningunha das anteriores. En certo modo a falta de información que se posúe sobre este tipo de actividades deportivas e culturais e tamén a escaseza de actividades realmente adaptadas en que se permita a participación de todo o alumnado en igualdade de oportunidades son factores que inflúen na participación do alumnado con diversidade funcional.

Logo de explorar as vivencias dos estudantes universitarios con diversidade funcional aproximándonos á súa opinión sobre o desenvolvemento no eido universitario, puidemos coñecer ou bosquejar algunhas das súas

⁴ Medidas reactivas e proactivas: o primeiro implica que ten que ocorrer algún feito ou situación negativa antes de que o individuo, grupo ou sociedade decida actuar para que o dito feito ou situación non volva ocorrer. No segundo, as decisións adiántanse ao feito e téntase evitar que suceda.

inquietudes e necesidades, entre as que destacan a necesidade de fomentar a formación en temas relacionados coa diversidade, propiciar o deseño universal, achegar información previa das necesidades dos estudantes, facilitar o acceso á comunicación e promover a existencia dun ocio para todos coa finalidade de acadar unha comunidade universitaria inclusiva.

A Terapia Ocupacional é unha profesión da saúde centrada no cliente, preocupada en promover a saúde e o benestar a través ocupación. O principal obxectivo da Terapia Ocupacional é acadar este resultado a través da intervención con persoas e comunidades para mellorar a súa capacidade de desempeñar as ocupacións que eles queren, precisan, ou se espera que fagan, para isto ás veces é preciso modificar a ocupación ou o ambiente para apoiar o seu compromiso coa ocupación (World Federation of Occupational Therapists, 2010).

Unha das premisas da Terapia Ocupacional é que o home é un ser activo que a través da historia, estivo e está facendo continuamente. Así, a profesión de Terapia Ocupacional foi creada co convencemento de que o compromiso da persoa coas actividades inflúe no benestar físico e mental. Os terapeutas ocupacionais consideran que as actividades son inherentes ó individuo, e que a súa realización produce a satisfacción de necesidades e desexos ó desempeñar estas actividades acorde co que se quere conseguir (Gómez Lillo, 2003).

No ámbito social os terapeutas ocupacionais dirixen a súa actividade profesional a potenciar o desempeño ocupacional do individuo para que este acade a máxima participación social, é dicir, preténdese conseguir a eficacia nos roles do individuo dotándoo da máxima autonomía e minimizando aquelas dificultades que poden derivar nun proceso de exclusión social

(García Crespo, 2012). Diferentes modelos de práctica de Terapia Ocupacional avalan a intervención do terapeuta ocupacional no eido social.

O Modelo de Ocupación Humana define o ser humano como un ser ocupacional no que o contorno actúa como facilitador ou limitador da conduta ocupacional da persoa, posto que o individuo exerce influencia sobre o contorno, pero á súa vez, o contorno tamén exerce influencia sobre o individuo; neste modelo as intervencións de Terapia Ocupacional diríxense a tentar modificar o ambiente ou contorno para promover a autonomía da persoa no desempeño ocupacional (Kielhofner, 1995).

O Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional identifica o individuo nun contexto socio-ambiental, entendendo o contorno como algo intrínseco ó individuo e por tanto indica que o desempeño ocupacional é o resultado da interacción dinámica entre a persoa, o contorno e a ocupación (Simó Algado, 2006).

Polo tanto, as intervencións dos terapeutas ocupacionais no eido desta investigación irían dirixidas a favorecer a relación entre o individuo, o contorno e a ocupación co fin de promover un desenvolvemento autónomo para os estudantes nun ambiente que favoreza a participación é dicir, nun ambiente inclusivo.

7.1. Limitacións do estudo e posibles liñas futuras de investigación

Neste traballo de investigación unha das limitacións principais foi o tempo, posto que se levou a cabo en nove meses, cunha entrada ao campo de dous meses de duración. Por outra banda, no grupo de enfoque, a ausencia dalgúns dos participantes puido supoñer unha limitación do estudo; á vez que o feito de que non se efectuara unha entrevista individual debido a unha retirada da investigación.

Unha posible liña de investigación para obter máis información sobre esta temática sería a implementación das propostas de mellora indicadas neste documento, coa correspondente avaliación destas indicando a súa utilidade, beneficios ou posibles desvantaxes.

8. Conclusión

Como mencionamos con anterioridade, a educación é un dereito fundamental ao que todos os seres humanos deben ter acceso en igualdade de oportunidades e sen ningún tipo de discriminación. Os estudantes universitarios con diversidade funcional pertencentes á mostra desta investigación sinalaron algunhas das súas vivencias, inquedanzas e necesidades.

Os resultados obtidos nesta investigación poñen de manifesto a necesidade de intervir a favor dunha comunidade universitaria inclusiva debido á existencia de barreiras que dificultan ou incluso imposibilitan un desempeño ocupacional axeitado no eido universitario. Os participantes do presente estudo sinalaron algunhas das principais barreiras con que se atopan de maneira cotiá e bosquexaron de maneira conxunta algunhas propostas de mellora, desta maneira salientaron cales son as necesidades que precisan resolverse con maior axilidade.

Os intereses que unha persoa posúe atópanse directamente relacionados coa súa motivación á hora de implicarse en maior ou menor grao cunha ocupación polo tanto, cando un individuo elixe estudar unha determinada titulación estamos a indicar que é unha actividade con significado para esa persoa, unha actividade seleccionada segundo os seus gustos e intereses, e cunha implicación motivacional moi grande. Cando a persoa posúe todas as habilidades e capacidades para poder desenvolver esa ocupación pero é o contorno o que limita unha axeitada participación na mesma, atopámonos coa desigualdade nas oportunidades de acceso e cun contorno que exclúe a ese individuo.

Ter acceso a unha educación de calidade e formarse na titulación que un elixa é un proceso que conta con grande importancia e repercusión para o

desenvolvemento persoal futuro. A educación universitaria non só aporta coñecementos teóricos sobre determinadas ramas de coñecemento, senón que forma á persoa en base a determinadas ideoloxías, crenzas ou valores; é un ambiente no que a persoa se forma persoal e profesionalmente, que influirá nas ocupacións que o individuo vaia desenvolver no seu futuro.

A capacidade e a posibilidade de elixir constitúe un pilar da realización persoal, da participación social dos individuos e, por tanto, contribúe á súa satisfacción e benestar. O significado é unha condición única, que cada individuo atribúe á súa ocupación e que lle aporta ese especial sentido ao seu desempeño. Non depende doutras persoas e, por tanto, non pode ser coartado por outras persoas.

Participar libremente na educación é un dereito para a cidadanía, non só para unha parte dos cidadáns, por este motivo é relevante garantir esa participación inclusiva e en igualdade de oportunidades no eido universitario respectando un dos dereitos fundamentais como é o da educación.

9. Bibliografía

1. Alcedo Rodríguez, M., Aguado Díaz, A., Real Castelao, S., González González, M., & Rueda Ruíz, B. (2007). Una revisión actualizada de la situación de los estudiantes con discapacidad en la universidad. *Anuario de Psicología Clínica y de la Salud* (3), 7-18.
2. American Occupational Therapy Association. (2008). Occupational Therapy practice framework: domain and process. *Am J Occup Ther* (62), 625-683.
3. Aparicio Agreda, M. L. (2009). Evolución de la conceptualización de la discapacidad y de las condiciones de vida proyectadas para las personas en esta situación. *El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días* , 1, 129-138.
4. Bausela Herreras, E. (2002). Atención a la diversidad en la educación superior. *Profesorado, revista de currículum y formación del profesorado* , 6, 1-9.
5. Castellana Rosell, M., & Sala Bars, I. (2006). *Estudiantes con discapacidad en la universidad: cómo atender esta diversidad en el aula*. Obtido o 27 de Abril de 2014, de Fundación Universia: www.fundacionuniversia.net/fichero?id=838
6. Castellana Rosell, M., & Sala Bars, I. (2007). Estudiantes con discapacidad en las aulas universitarias: un reto para la Educación Superior. *Revista FIAPAS* (115), 27-30.
7. Castellana Rosell, M., & Sala Bars, I. (2005). La universidad ante la diversidad en el aula. *Aula Abierta* (85), 57-84.

8. Centro de Atención a Universitarios con Discapacidad. (2014). *UNED*. Obtido o 12 de Marzo de 2014, de http://portal.uned.es/portal/page?_pageid=93,154331&_dad=portal&_schema=PORTAL
9. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (2010). *Xunta de Galicia*. Obtido o 23 de Abril de 2014, de Guia do sistema universitario de Galicia: http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2011/11/23/guia_do_sug_30_de_novembro_de_2011.pdf
10. De Rosende Celeiro, I., & Santos del Riego, S. (2013). Influencia de la terapia ocupacional en la realización de adaptaciones en el hogar de las personas en situación de dependencia. *TOG (A Coruña)*, 10 (18), 1-16.
11. Diario Oficial de Galicia. (21 de Decembro de 2011). *DECRETO 229/2011*. Obtido o 8 de Marzo de 2014, de http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_es.pdf
12. Fernández Collado, C., Hernández Sampieri, R., & Baptista Lucio, P. (2010). *Metodología de la investigación*. Macgraw-Hill.
13. Fernie, T., & Henning, M. (2006). From a disabling world to a new vision. Towards inclusive learning in higher education: Developing curricula for disabled students. *Essex*, 23-32.
14. Figuera Gazo, P., & Coiduras Rodríguez, J. L. (2013). La transición a la universidad: un análisis desde la diversidad de las voces de los estudiantes. *Revista de Educación* (362), 713-736.

15. Fundación Universia e CERMI. (19 de Febreiro de 2013). *Estudio sobre el grado de inclusión del sistema universitario*. Obtido o 6 de Marzo de 2013, de Fundación Universia: file:///C:/Users/tfgyy/Downloads/Fundacion_Cermi_Price_Accesible_Def.pdf
16. Fundación Universia. (19 de Febreiro de 2014). *Guía de atención a la discapacidad en la universidad 2014*. Obtido o 8 de Marzo de 2014, de Fundación Universia: GUIAATENCIONALADISCAPACIDAD_ACCE.pdf
17. García Crespo, M. V. (2012). *Accesibilidad Marco Teórico*. A Coruña, España.
18. Gobierno de España. (3 de Maio de 2006). *Ley Orgánica 2/2006, 3 de maio, de Educación*. Obtido o 11 de Maio de 2014, de Boletín Oficial del Estado: <http://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-7899-consolidado.pdf>
19. Gómez Lillo, S. (2003). La ocupación y su significado como factor influyente de la identidad personal. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional* (3), 43-47.
20. Hadjikakou, K., & Hartas, D. (2008). Higher education provision for students with disabilities in Cyprus. *High Educ* , 103-119.
21. Higbee, J. L., Siaka, K., & Bruch, P. L. (2007). Assesing our commitment to multiculturalism: Student perspectives. *Journal of College Reading & Learning* , 37 (2), 7-25.
22. Instituto Nacional de Estadística. (Outubro de 2009). *Boletín Informativo del Instituto Nacional de Estadística*. Obtido o 4 de Marzo

de 2014, de Instituto Nacional de Estadística:
<http://www.ine.es/revistas/cifraine/1009.pdf>

23. Instituto Nacional de Estadística. (2008). *Población con discapacidad según su nivel de estudios terminados por edad y sexo*. Obtido o 4 de Marzo de 2014, de <http://www.ine.es/jaxi/tabla.do>
24. Instituto Nacional de Estadística. (2008). *Porcentaje de personas con discapacidad de 16 y más años que están realizando algún estudio según tipo de estudio por sexo*. Obtido o 26 de Maio de 2014, de Instituto Nacional de Estadística:
<http://www.ine.es/jaxi/tabla.do?path=/t15/p418/a2008/hogares/p01/modulo3/l0/&file=02054a.px&type=pcaxis&L=0>
25. Kielhofner, G. (1995). El modelo de ocupación humana. *Revista informativa de la Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionales* (12), 3-9.
26. Kielhofner, G. (2006). *Fundamentos Conceptuales de la Terapia Ocupacional*. Buenos Aires: Panamericana.
27. Kielhofner, G., & Forsyth, K. (1997). Model of Human Occupation: A review of current concepts. *British Journal of Occupational Therapy* , 60 (3), 103-111.
28. Kronenberg, F., Simó, S., & Pollard, N. (2005). *Occupational therapy without borders: learning from the spirit of survivors*. Elsevier.
29. Luque Parra, D. J., & Rodríguez Infante, G. (2008). Alumnado universitario con discapacidad: elementos para la reflexión psicopedagógica. *REOP* , 19 (3), 270-281.

30. Luque Parra, D. J., Rodríguez Infante, G., & Romero Pérez, J. F. (2005). Accesibilidad y Universidad. Un estudio descriptivo. *Intervención Psicosocial* , 14 (2), 209-222.
31. Martínez Martín, M. Á. (2010). *Los estudiantes con discapacidad en la universidad de Burgos*. Obtido o 2 de Maio de 2014, de Universidad de Burgos: <http://dspace.ubu.es:8080/tesis/handle/10259/140>
32. Martínez Usero, J. Á. (2008). La Ley 4/2007 de Universidades y la integración de los estudiantes con diversidad funcional en la sociedad del conocimiento. *Revista de Universidad y Sociedad del Conocimiento* , 5 (1), 1-9.
33. Mercado Padín, R. (2010). Los entornos y contextos dentro del proceso de valoración, evaluación e intervención en Terapia Ocupacional. *TOG (A Coruña)* , 7 (11), 1-8.
34. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. (2013). *Datos básicos del sistema universitario español curso 2013-2014*. Obtido o 2 de Marzo de 2014, de <https://www.mecd.gob.es/portada-mecd/en/dms/mecd/prensa-mecd/actualidad/2014/02/20140213-datos-univer/datos-cifras-13-14.pdf>
35. Moriña Díez, A., & Molina Romo, V. (2011). La universidad a análisis: Las voces del alumnado con discapacidad. *Revista de enseñanza universitaria* (37), 23-35.
36. Moriña Díez, A., López Gavira, R., Melero Aguilar, N., Cortés Vega, M. D., & Molina Romo, V. M. (2013). El profesorado en la universidad ante el alumnado con discapacidad ¿Tendiendo puentes o levantando muros? *Revista de docencia universitaria* , 11 (3), 423-442.

37. Moswela, E., & Mukhopadhyay, S. (2011). Asking for too much? The voices of students with disabilities in Botswana. *Disability & Society*, 26 (3), 307-319.
38. Nava-Caballero, E. M. (2012). El acceso y la integración de los estudiantes con discapacidad en la Universidad de León. *Revista complutense de educación*, 23 (2), 293-316.
39. Novo-Corti, I., Muñoz-Cantero, J.-M., & Calvo-Porrá, C. (2011). Análisis de las actitudes de los jóvenes universitarios hacia la discapacidad: un enfoque desde la teoría de la acción razonada. *RELIEVE*, 17 (2), 1-26.
40. Oliver, M., & C, B. (2010). Disability studies, disabled people and the struggle for inclusion. *British Journal of Sociology of Education*, 31 (5), 547-560.
41. Organización das Nacións Unidas. (13 de Decembro de 2006). *Convención sobre los derechos de las personas con discapacidad y protocolo facultativo*. Obtido o 6 de Maio de 2014, de Organización de las Naciones Unidas: <http://www.un.org/disabilities/documents/convention/convoptprot-s.pdf>
42. Organización das Nacións Unidas. (10 de Decembro de 1948). *Declaración Universal de los Derechos Humanos*. Obtido o 2 de Decembro de 2013, de Organización de las Naciones Unidas: <http://www.un.org/es/documents/udhr/>
43. Organización das Nacións Unidas. (2 de Decembro de 1993). *Normas uniformes sobre la igualdad de oportunidades para las personas con discapacidad*. Obtido o 2 de Decembro de 2013, de Organización de las Naciones Unidas: <http://www.un.org/spanish/disabilities/standardrules.pdf>

44. Organización Mundial da Saúde. (2001). *Clasificación internacional del funcionamiento de la discapacidad y de la salud*. Obtido o 7 de Maio de 2014, de Organización Mundial de la Salud: <http://apps.who.int/iris/bitstream/10665/42419/1/9243545426.pdf?ua=1>
45. Organización Mundial da Saúde. (2012). *Guías para la RBC: Componente de Educación*. Obtido o 13 de Maio de 2014, de Organización Mundial de la Salud: http://whqlibdoc.who.int/publications/2012/9789243548050_Educaci%C3%B3n_spa.pdf?ua=1
46. Organización Mundial da Saúde. (2012). *Guías para la RBC: Folleto introducción*. Obtido o 11 de Maio de 2014, de Organización Mundial de la Salud: http://whqlibdoc.who.int/publications/2012/9789243548050_Introducci%C3%B3n_spa.pdf?ua=1
47. Peralta Morales, A. (Outubro de 2007). *Libro blanco sobre universidad y discapacidad*. Obtido o 8 de Marzo de 2014, de Real Patronato sobre Discapacidad: <http://sid.usal.es/idocs/F8/FDO20244/LibroBlancosobreuniversidadydiscapacidad2.pdf>
48. Real Academia Galega. (s.d.). *Diccionario da Real Academia Galega*. Obtido de <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
49. Rubin, H., & Rubin, I. (1995). *Qualitative interviewing: The art of hearing data*. Thousand Oaks: Sage.
50. Sánchez Palomino, A. (2009). *Integración educativa y social de los estudiantes con discapacidad en la Universidad de Almería*. Almería: Universidad de Almería.

51. Serbia, J. M. (2007). Diseño, muestreo y análisis en la investigación cualitativa. *3* (7), 123-146.
52. Simó Algado, S. (2006). El Modelo Canadiense del Proceso del Desempeño Ocupacional. *TOG (A Coruña)* (3), 1-18.
53. Tinklin, T., Riddel, S., & Wilson, A. (2004). Policy and provision for disabled students in higher education in Scotland and England: The current state of play. *Studies in Higher Education* , 29 (5), 637-657.
54. United Nations Human Rights. (2010). *Monitoring the Convention on the Rights of Persons with Disabilities*. Obtido o 5 de Febreiro de 2014, de Office of the High commissioner for Human Rights: http://www.ohchr.org/Documents/Publications/Disabilities_training_17EN.pdf
55. Universidade da Coruña. (2014). *Centro Universitario de Innovación e Formación Educativa (CUFIE)*. Obtido o 12 de Marzo de 2014, de Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social: <http://www.udc.es/cufie/uadi/index.htm>
56. Universidade Nacional de Educación a Distancia. (26 de Marzo de 2014). Información estadística del centro de atención a universitarios con discapacidad. Madrid, España.
57. V. Ferreira, M. A. (2008). Una aproximación sociológica a la discapacidad desde el modelo social: apuntes carecteriológicos. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* (124), 141-174.
58. Wilcock, A. A., & Townsend, E. A. (2008). *Occupational justice*. Baltimore: Lippincott Williams & Wilkins.
59. World Federation of Occupational Therapists. (2009). *Guiding Principles on Diversity and Culture*. Obtido o 11 de Marzo de 2014, de

World Federation of Occupational Therapists (WFOT):
<http://www.wfot.org/Store/tabid/61/CategoryID/4/ProductID/30/Default.aspx>

60. World Federation of Occupational Therapists. (2010). *Statement on Occupational Therapy*. Retrieved from World Federation of Occupational Therapists.
61. Xunta de Galicia. (2014). *Atención á diversidade orientación*. Obtido o 5 de Maio de 2014, de Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria: <http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/141>
62. Xunta de Galicia. (2014). *Servizos de apoio á atención á diversidade*. Obtido o 14 de Abril de 2014, de Atención á diversidade e orientación: <http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/141/649>

10. Agradecementos

Primeiro de todo agradecer a Vanessa García polo apoio, por guiarme e por aportarme tantos coñecementos.

A Sonia Seijas por ensinarme a comprender a necesidade do terapeuta ocupacional no eido comunitario e sobre todo, por formarme durante esta tempada.

Agradecer a Natalia Rivas e a María Jesús Movilla por resolver as miñas dúbidas.

Aos participantes desta investigación por facerme ver a diversidade dende outra perspectiva, por ensinarme tanto de vós, por confiar en min e por facer de cada reunión unha experiencia marabillosa. Grazas a todos vós foi posible levar a cabo este traballo.

Á miña familia por entender as miñas ausencias.

A David e a Sandra por ser os maiores apoios e por estar en cada momento.

11. Apéndices

11.1. Apéndice I: entrevista

TÍTULO: Universidade e diversidade funcional: unha aproximación á igualdade de oportunidades e á inclusión no eido universitario

Sexo:

Idade:

1. Que estudos estás cursando actualmente?
2. Que implica para ti a participación na comunidade universitaria?
3. Cres que a universidade facilita a participación de todos os estudantes en todos os ámbitos universitarios? Coñeces ou empregas algún recurso para iso?
4. Como percibes a túa experiencia universitaria? Achégache algo? As túas expectativas están satisfeitas?
5. Que opinas sobre a oferta de actividades de ocio e tempo libre por parte da universidade cara aos estudantes?
6. Como percibes a relación cos teus compañeiros?
7. Que opinas sobre os coñecementos que posúen o profesorado e o estudantado sobre os temas relacionados coa discapacidade?
8. Que cambiarías da universidade actual? Como sería o teu ideal de universidade?

11.2. Apéndice II: folla de información aos participantes

FOLLA DE INFORMACIÓN AO/Á PARTICIPANTE NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO: Universidade e diversidade funcional: unha aproximación á igualdade de oportunidades e á inclusión no eido universitario

INVESTIGADOR:

Jessica Garabal Barbeira, con D.N.I.: 78806926- W estudante de Terapia Ocupacional.

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un **estudo de investigación** en que é invitado/a a participar.

Este estudo forma parte dun Tralallo de Fin de Grao de Terapia Ocupacional, dirixido por María Vanessa García Crespo (terapeuta ocupacional) e Sonia Seijas Ramos (psicopedagoga).

Se decide participar nel, debe recibir información personalizada do investigador, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre este. Se así o desexa, pode levar o documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se participar ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen obriga de dar explicacións.

- **Cal é o propósito do estudo?**

O obxectivo deste estudo é determinar se a comunidade universitaria é un contorno inclusivo en que os estudantes con diversidade funcional contan con igualdade de oportunidades que o resto dos seus compañeiros. Para acadar este obxectivo achegarémonos á propia visión que os estudantes posúen da comunidade universitaria.

- **Por que me ofrecen participar a min?**

A selección das persoas invitadas a participar depende duns criterios que están descritos no protocolo da investigación. Estes criterios son os seguintes:

1. Estar a cursar estudos universitarios na actualidade.
2. Ter diversidade funcional acreditada baixo un certificado de discapacidade.

Espérase que participen aproximadamente dez persoas neste estudo.

- **En que consiste a miña participación?**

Se vostede finalmente se decide a participar neste estudo unicamente deberá manter unha entrevista persoal co investigador. Entrevista que contará con preguntas dirixidas cara ao tema principal do estudo e que será gravada para facilitar a recollida de información por parte do investigador.

A súa participación terá unha duración total estimada de vinte minutos.

- **Que riscos ou inconvenientes ten?**

Este tipo de estudo non supón ningún tipo de risco para os participantes posto que unicamente se realizarán entrevistas con eles.

- **Obterei algún beneficio por participar?**

Non se espera que vostede obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende valorar as barreiras ou facilitadores que atopan os estudantes universitarios con discapacidade na propia comunidade universitaria. No futuro, é posible que estes descubrimentos sexan de utilidade para dar resposta as necesidades observadas.

- **Recibirei a información que se obteña do estudo?**

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados obtidos do estudo.

- **Publicaranse os resultados deste estudo?**

Os resultados deste estudo non serán publicados en ningún tipo de medio de divulgación, dado que o seu obxectivo principal é a realización dun Traballo de Fin de Grao, esixido actualmente para poder finalizar o grao universitario.

- **Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?**

O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo momento, vostede poderá acceder aos seus datos, corrixilos ou cancelalos.

Só o equipo investigador terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo, neste caso só se manexarán os datos correspondentes á idade, ao sexo e á rama de coñecemento en que desenvolven os seus estudos os participantes.

- **Existen intereses económicos neste estudo?**

Non existe ningún tipo de interese económico neste estudo.

- **Quen me pode dar máis información?**

Pode contactar con Jessica Garabal Barbeira no enderezo de correo electrónico jessicagarabal@gmail.com para máis información.

Moitas grazas pola súa colaboración.

11.3. Apéndice III: consentimento informado

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO: Universidade e diversidade funcional: unha aproximación á igualdade de oportunidades e á inclusión no eido universitario.

Eu,

- Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con Jessica Garabal Barbeira e facer todas as preguntas sobre o estudo necesarias para comprender as súas condicións e considero que recibín suficiente información sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podoo retirarme do estudo cando queira.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar no estudo.

Respecto á conservación e utilización futura dos datos detallados na folla de información ao participante,

NON accedo a que os meus datos sexan conservados unha vez rematado o presente estudo.

SI accedo a que os datos se conserven para usos posteriores en liñas de investigación relacionadas coa presente, e nas condicións mencionadas.

O/a participante,

O/a investigador/a,

Asdo.:

Data:

Asdo.:

Data:

